

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 24 de xaneiro de 2023

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día vinte e catro de xaneiro do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo e Dna. María Ortega Iñarrea, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Non asiste a deputada *Dna. Ana María Mejías Sacaluga*, xustificando a súa ausencia.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32480.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS “AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA 2023”. (Expte.2022062028)

1º.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, promove a presente liña de axudas co obxectivo de proporcionarlles aos concellos de menos de 20.000 habitantes apoio económico para poderen atender as demandas de necesidade urxente e puntual das e dos veciños que se atopen en situación ou risco de exclusión social, con especial atención ás persoas con menores ao seu cargo, ademais de darlles resposta a situacións de grave emerxencia.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, define os servizos sociais comunitarios como “o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos estratéxicos do sistema.”.

Así, os servizos sociais comunitarios teñen un carácter predominantemente local ao estar referidos a un territorio e a unha poboación determinados, constituíndo o punto de acceso normalizado e tamén o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais.

O artigo 31 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro, establécese que as deputacións lles proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos de menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios municipais.



Desde o punto de vista competencial, as deputacións temos a competencia propia de apoiar as corporacións locais da provincia que presten servizos sociais comunitarios municipais, en virtude das previsións establecidas no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que determina a competencia propia das deputacións provinciais para a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión; no artigo 109.1.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG); no artigo 63 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG); e no artigo 31 do citado Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro.

Nos últimos anos, a crise provocada pola pandemia e a subida xeneralizada de prezos, derivada entre outros factores da escaseza das fontes de enerxía e dos problemas de transporte e subministros, tivo consecuencias sociais e económicas que redundan no agravamento de situacións persoais que provocan que os servizos sociais comunitarios se atopen con máis situacións ao límite da exclusión social.

Neste contexto, a deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, promove a presente liña de axudas có obxectivo de proporcionarlles aos concellos de menos de 20.000 habitantes apoio económico para poderen atender as demandas de necesidade urxente e puntual das e dos veciños que se atopen en situación ou risco de exclusión social, con especial atención ás persoas con menores ao seu cargo, ademais de darlles resposta a situacións de grave emerxencia.

2º.- Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións.

3º.- Con data 9 de xaneiro de 2023, Intervención emite informe favorable indicando que as aplicacións propostas nas Bases, 23/231.2313.462.00 e 23/231.2311.762.00 considéranse correctas e contan con crédito para este fin, por importe de 356.500,00 € e 195.200,00 € respectivamente, no orzamento para 2023.

Considerando que o órgano competente para aprobación das bases reguladoras é a Xunta de Goberno, de conformidade có estipulado nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a Convocatoria e bases reguladoras para o financiamento e prestación das axudas básicas de emerxencia nos servizos sociais comunitarios da Deputación provincial de Pontevedra para o ano 2023.

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente có (CSV): 0AOR3SYIDTFDAVT2

Pódese verificar a integridade destes documentos no enderezo: <https://sede.depo.gal>



2.32481.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO “PLAN DE COFINANCIAMENTO SS.SS. COMUNITARIOS MUNICIPAIS 2023”.
(Expte.2022062030)

1º.- Segundo o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro, se establece no seu artigo 31 que as deputacións lles proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos con menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios municipais.

É labor da Deputación de Pontevedra apoiar as corporacións locais da provincia que presten servizos sociais comunitarios municipais, en virtude das competencias atribuídas polo artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que establece a competencia propia das deputacións provinciais para a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ós concellos, especialmente ós de menor capacidade económica e de xestión, polos artigos 109.1.b da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG); 63 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG) e 31 do citado Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro.

2º.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude pon en marcha esta convocatoria do “PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS 2023”, que ten por obxecto o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos e corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento a estas entidades para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do persoal profesional de referencia que se regula no artigo 37 do antedito decreto.

Establécese unha contía máxima dispoñible para cada concello da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes, reflectido no anexo I das bases.

3º.- Para a cuantificación das achegas establécense dous módulos:

- Módulo de persoal:

Inclúe o financiamento dos gastos polos conceptos de salarios e seguridade social do persoal que realice as tarefas propias do seu posto nos servizos sociais municipais básicos, con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do profesional de referencia, segundo o artigo 37 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.



Aplicaranse os seguintes módulos económicos:

Categoría profesional	Módulo económico: xornada completa durante 12 meses	Módulo económico: media xornada durante 12 meses
Persoa con titulación superior (licenciatura universitaria, grao ou equivalente)	18.062 €	9.031 €
Persoa con titulación media (diplomatura universitaria ou equivalente)	15.013 €	7.506,50 €
Auxiliar administrativa/o	12.029 €	6.014,50 €

- Módulo de servizo de axuda no fogar (SAF) básico:

Inclúe os gastos derivados da prestación básica do servizo de axuda no fogar adscrito directamente aos servizos sociais comunitarios básicos dos concellos con menos de 20.000 habitantes, que comprenden os supostos nos que sexan prestados tanto por xestión directa coma, de ser o caso, por xestión indirecta, mediante un contrato ou unha encomenda da xestión.

4º.- As entidades locais poderán solicitar ata as contías máximas dos módulos, respectando o número de profesionais, a xornada e a categoría profesional, entre outras cuestións. No caso de redución da xornada con respecto ao estipulado, aplicarase a diminución da contía que corresponda de xeito proporcional.

Coas achegas reflectidas no anexo I destas bases reguladoras garántese o financiamento do servizo de axuda no fogar prestado en réxime de libre concorrència con respecto aos niveis de referencia de cobertura e de financiamento recollidos no anexo III do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Así mesmo, refórzaselles o financiamento do módulo de persoal, cumprindo cos ratios de persoal establecidos no Decreto 99/2012, de 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, garantindo ademais a continuidade e estabilidade na prestación destes servizos por parte das corporacións locais, de acordo co art.47 do antedito Decreto.

5º.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións realizaraa a xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, de xeito individual, a medida que os concellos presenten as súas solicitudes, e comprenderá as seguintes fases:

- Tras presentar as solicitudes o Servizo de Cohesión Social e Xuventude procederá ao seu estudo e comprobación



- O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos que se debe formular a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS e no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Intervención emitirá un informe de fiscalización de cada expediente e do informe-proposta, dirixido ao órgano competente.

6º.- A contía consignada para esta convocatoria ascende a 2.483.282,98 € con cargo á aplicación 23/231.2313.462.00 do Orzamento provincial para o ano 2023, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

7º.- Por aplicación do artigo 172 do ROF, non se atopa precepto que precise a emisión de informe por Secretaría respecto do expediente que se refire; xa que a emisión de informes preceptivos por parte da Secretaría procede nos supostos precisados polos artigos. 92 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local; 54 do RD Lexislativo. 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local; 234 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; 173 do RD 2568/1986 (ROF), amén da lexislación sectorial á que a mesma se remite, como poder se a D. Adicional. 3ª. 8 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector público. Disposicións non obstante desenvolvidas polo RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional. O expediente, ao implicar gasto, debe someterse a fiscalización previa por parte da Intervención Provincial.

8º.- Con data 9 de xaneiro de 2023, Intervención emite informe favorable sobre a tramitación de este expediente, deixando constancia de que “(...) a aplicación proposta nas bases 23/231.2313.462.00, considérase correcta, e conta con crédito para este fin por importe de 2.483.282,98 €, no orzamento para 2023 (...)”.

Considerando que o órgano competente para a aprobación das bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercicio 2023 é a Xunta de Goberno, de conformidade có estipulado nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar as bases reguladoras do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercicio 2023.

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente có (CSV) JMM0YRLLXV641KQR

Pódese verificar a integridade deste documento no enderezo: <https://sede.depo.gal>



3.32482.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONES EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA “EDICIONES DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O ANO 2023” (Expte. 2022075019)

A Deputación de Pontevedra, a proposta do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, establece as bases reguladoras de subvencions en concorrencia competitiva para edicions dirixidas a entidades sen animo de lucro para o ano 2023, e fiscalizadas as bases polo Servizo de Intervención, así como informe favorable de Secretaría Xeral, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as “Bases reguladoras de subvencions en concorrencia competitiva para edicions dirixidas a entidades sen animo de lucro para o ano 2023”, que figuran co CSV: IOLLC9K9W02QDXF0.

4.32483.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONES POR CONCORRENCIA NON COMPETITIVA PARA A “CREACIÓN, MANTEMENTO E REFORZO DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DIRIXIDAS AOS CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2022”. (Expte.2023001150)

A Deputación de Pontevedra, a proposta do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, establece as bases de subvencions por concorrencia non competitiva para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística dirixidas aos concellos e outras entidades locais da provincia de Pontevedra para o ano 2023, e cos informes favorables de Secretaría e Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as Bases de subvencions por concorrencia non competitiva para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística dirixidas aos concellos e outras entidades locais da provincia de Pontevedra para o ano 2023, e que figuran con CSV: 1R6FV0ZHD74P2Z5F.

5.32484.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURAIS SEN FINS DE LUCRO PARA AS “ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2023” (Expte.2023001151)

A Deputación de Pontevedra, a proposta do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, establece as bases de subvencions dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2023, e cos informes favorables de Secretaría e Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as Bases de subvencions dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2023, e que figuran con CSV: QQWMX733ENMM53BX.



6.32485.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS PARA AS “ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2023”.
(Expte.2023001183)

A Deputación de Pontevedra, a proposta do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, establece as bases de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2023, e cos informes favorables de Secretaría e Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as Bases de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2023, e que figuran con CSV: N567J3PX4XRUUMNP.

7.32486.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA “PARTICIPAR EN COMPETICIONS FEDERADAS DE ÁMBITO ESTATAL NO ANO 2023”.
(Expte.2022069457)

A Deputación de Pontevedra, a proposta do servizo de Deportes establece as bases reguladoras de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competición de ámbito estatal para o ano 2023 na que se convoca o programa DE_B/23 “Clubs deportivos de ámbito estatal” e unha vez fiscalizadas favorablemente ditas bases pola Intervención con data 11 de xaneiro de 2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as bases reguladoras de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competición de ámbito estatal para o ano 2023, e que figuran co CSV: K87HV94CW1CQWLUX.

8.32487.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A “ORGANIZACIÓN DE CAMPIONATOS, EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2023” Expte: 2023001814)

A Deputación de Pontevedra, a proposta do servizo de Deportes establece as bases reguladoras de subvencións a entidades deportivas para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2023 na que se convoca o programa DE_E/23 “entidades deportivas para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas” e unha vez fiscalizadas favorablemente ditas bases pola Intervención con data 13 de xaneiro de 2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as bases reguladoras de subvencións a entidades deportivas para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2023, e que figuran co CSV: 5KE05Y54K6WR9F61.



9.32488.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O “APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS AUDIOVISUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2023”. (Expte. 2022076149)

A Deputación de Pontevedra, a proposta do Servizo de Cultura, establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais na provincia de Pontevedra no ano 2023, e co informe favorable do xefe do Servizo de Cultura así como informe favorable de Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as Bases de subvencións a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais na provincia de Pontevedra no ano 2023, e que figuran con CSV: BKU7ME48Q9UG89J2.

10.32489.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O “APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS MUSICAIS E DE ARTES ESCÉNICAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2023”. (Expte.2022076151)

A Deputación de Pontevedra, a proposta do Servizo de Cultura, establece as bases de subvencións a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais musicais e de artes escénicas na provincia de Pontevedra no ano 2023, e co informe do Xefe do Servizo de Cultura así como informe favorable de Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as Bases de subvencións a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais musicais e de artes escénicas na provincia de Pontevedra no ano 2023, e que figuran con CSV: :6XS57IYKKQVWVFS.

11.32490.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A “REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, ANO 2023”. (Expte. 2022076152)

A Deputación de Pontevedra, a proposta do Servizo de Cultura, establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2023, e co informe do xefe do Servizo de Cultura así como o informe favorable de Intervención sobre existencia de consignación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2023, e que figuran co CSV: D7NGLKRZ231QVFXG.



12.32491.- CONCESIÓN DUNHA AXUDA AO CONCELLO DE AGOLADA AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) (Expte.2023001456)

Antecedentes:

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “BASES REGULADORAS DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS E/OU DA REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAI, DEPORTIVOS, SOCIAIS (LIÑA 2) 2023 (EXPT. 2022064094)”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2021 (último vixente na data de aprobación das bases).
- 2) As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases, especificamente na Quinta, Sexta e Oitava: liña 2 (Programa para amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.) e liña 3 (programa de activación do emprego 2023). Todo elo sen prexuízo do previsto en relación ó traspaso entre as diferentes liñas.
- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.
- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns cincocentos mil (9.500.000,00) euros, con cargo á aplicación 23/942.9425.462.03, condicionado á aprobación definitiva e entrada en vigor dos orzamentos do ano 2023.



- 6) Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas da liña 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar da liña 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- 7) Mediante Resolución Presidencial núm. 2022008893 de 13/11/2022, con CSV: 9P96V2BBA4H5FBMF, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 8) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- 9) De conformidade co disposto no Capítulo II das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 10) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023), recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

CONCELLO DE AGOLADA				
Data de presentación:		03/01/2023 (registro WEB2023000390)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
13	<i>1 empregado/a administrativo/a con tarefas de atención ao público (reservada a persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%) a xornada completa durante 10,5 meses; 4 operarios/as pavimentadores/as, 3 operarios/as poceiros/as redes de saneamento e 3 operarios/as mantedores/as de edificios a xornada completa durante 6 meses; 1 operario/a pegador/a de cartaces e 1 ordenanza (reservadas a persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 50%) a media xornada durante 3 meses</i>	122.606,73 €	3.352,14 €	119.254,59 €



- 11) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- 12) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo asignado ao concello. A existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación, quedará condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor do Orzamento Provincial para o 2023, na aplicación 2023/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2023), na que se dotará o crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE AGOLADA	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	119.254,59 €

- 13) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2). aprobadas en sesión plenaria do 28/10/2022, punto núm. 5.7876, e publicadas no BOPPO núm. 208 do 31/10/2022.



- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente o Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2022-2023; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSEPPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Terceira, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2)., que sinala que o órgano instructor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.



III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16^a.2^a do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25^a.2^a e 4^a do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo II das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.



- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detracións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Sexta do Capítulo II. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Quinta do Capítulo II e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.



Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación **INFORMA FAVORABLEMENTE** o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Agolada (P3602000F)	13	<i>1 empregado/a administrativo/a con tarefas de atención ao público (reservada a persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%) a xornada completa durante 10,5 meses; 4 operarios/as pavimentadores/as, 3 operarios/as poceiros/as redes de saneamento e 3 operarios/as mantedores/as de edificios a xornada completa durante 6 meses; 1 operario/a pegador/a de cartaces e 1 ordenanza (reservadas a persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 50%) a media xornada durante 3 meses</i>	119.254,59 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16^a.2^a c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: EJYSP2PUG4MKOL83) e do informe de Intervención (CSV: Q1EVHEILMODVFLVF), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao Concello de Agolada (CIF P3602000F) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do *Programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (LIÑA 3)* para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de



crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Agolada (P3602000F)	13	<i>1 empregado/a administrativo/a con tarefas de atención ao público (reservada a persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%) a xornada completa durante 10,5 meses; 4 operarios/as pavimentadores/as, 3 operarios/as poceiros/as redes de saneamento e 3 operarios/as mantedores/as de edificios a xornada completa durante 6 meses; 1 operario/a pegador/a de cartaces e 1 ordenanza (reservadas a persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 50%) a media xornada durante 3 meses</i>	119.254,59 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Primeira do Capítulo II.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras



- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Cuarta do Capítulo II, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2023. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2023 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
 - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.



- Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
 - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
 - Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
 - A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Quinta do Capítulo II das bases específicas recollidas para este programa de axudas. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarse a acreditación gráfica.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



13.32492.- CONCESIÓN DUNHA AXUDA AO CONCELLO DE BAIONA AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) (Expte.2023001447)

Antecedentes:

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “BASES REGULADORAS DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS E/OU DA REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAI, DEPORTIVOS, SOCIAIS (LIÑA 2) 2023 (EXPTE. 2022064094)”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2021 (último vixente na data de aprobación das bases).
- 2) As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases, especificamente na Quinta, Sexta e Oitava: liña 2 (Programa para amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.) e liña 3 (programa de activación do emprego 2023). Todo elo sen prexuízo do previsto en relación ó traspaso entre as diferentes liñas.
- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.
- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns cincocentos mil (9.500.000,00) euros, con cargo á aplicación 23/942.9425.462.03, condicionado á aprobación definitiva e entrada en vigor dos orzamentos do ano 2023.



- 6) Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas da liña 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar da liña 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
Punto quilométrico: 0 100 200 300 400 500 600 700 800 900 1000 1100 1200 1300 1400 1500 1600 1700 1800 1900 2000 2100 2200 2300 2400 2500 2600 2700 2800 2900 3000 3100 3200 3300 3400 3500 3600 3700 3800 3900 4000 4100 4200 4300 4400 4500 4600 4700 4800 4900 5000 5100 5200 5300 5400 5500 5600 5700 5800 5900 6000 6100 6200 6300 6400 6500 6600 6700 6800 6900 7000 7100 7200 7300 7400 7500 7600 7700 7800 7900 8000 8100 8200 8300 8400 8500 8600 8700 8800 8900 9000 9100 9200 9300 9400 9500 9600 9700 9800 9900 10000 10100 10200 10300 10400 10500 10600 10700 10800 10900 11000 11100 11200 11300 11400 11500 11600 11700 11800 11900 12000 12100 12200 12300 12400 12500 12600 12700 12800 12900 13000 13100 13200 13300 13400 13500 13600 13700 13800 13900 14000 14100 14200 14300 14400 14500 14600 14700 14800 14900 15000 15100 15200 15300 15400 15500 15600 15700 15800 15900 16000 16100 16200 16300 16400 16500 16600 16700 16800 16900 17000 17100 17200 17300 17400 17500 17600 17700 17800 17900 18000 18100 18200 18300 18400 18500 18600 18700 18800 18900 19000 19100 19200 19300 19400 19500 19600 19700 19800 19900 20000 20100 20200 20300 20400 20500 20600 20700 20800 20900 21000 21100 21200 21300 21400 21500 21600 21700 21800 21900 22000 22100 22200 22300 22400 22500 22600 22700 22800 22900 23000 23100 23200 23300 23400 23500 23600 23700 23800 23900 24000 24100 24200 24300 24400 24500 24600 24700 24800 24900 25000 25100 25200 25300 25400 25500 25600 25700 25800 25900 26000 26100 26200 26300 26400 26500 26600 26700 26800 26900 27000 27100 27200 27300 27400 27500 27600 27700 27800 27900 28000 28100 28200 28300 28400 28500 28600 28700 28800 28900 29000 29100 29200 29300 29400 29500 29600 29700 29800 29900 30000 30100 30200 30300 30400 30500 30600 30700 30800 30900 31000 31100 31200 31300 31400 31500 31600 31700 31800 31900 32000 32100 32200 32300 32400 32500 32600 32700 32800 32900 33000 33100 33200 33300 33400 33500 33600 33700 33800 33900 34000 34100 34200 34300 34400 34500 34600 34700 34800 34900 35000 35100 35200 35300 35400 35500 35600 35700 35800 35900 36000 36100 36200 36300 36400 36500 36600 36700 36800 36900 37000 37100 37200 37300 37400 37500 37600 37700 37800 37900 38000 38100 38200 38300 38400 38500 38600 38700 38800 38900 39000 39100 39200 39300 39400 39500 39600 39700 39800 39900 40000 40100 40200 40300 40400 40500 40600 40700 40800 40900 41000 41100 41200 41300 41400 41500 41600 41700 41800 41900 42000 42100 42200 42300 42400 42500 42600 42700 42800 42900 43000 43100 43200 43300 43400 43500 43600 43700 43800 43900 44000 44100 44200 44300 44400 44500 44600 44700 44800 44900 45000 45100 45200 45300 45400 45500 45600 45700 45800 45900 46000 46100 46200 46300 46400 46500 46600 46700 46800 46900 47000 47100 47200 47300 47400 47500 47600 47700 47800 47900 48000 48100 48200 48300 48400 48500 48600 48700 48800 48900 49000 49100 49200 49300 49400 49500 49600 49700 49800 49900 50000 50100 50200 50300 50400 50500 50600 50700 50800 50900 51000 51100 51200 51300 51400 51500 51600 51700 51800 51900 52000 52100 52200 52300 52400 52500 52600 52700 52800 52900 53000 53100 53200 53300 53400 53500 53600 53700 53800 53900 54000 54100 54200 54300 54400 54500 54600 54700 54800 54900 55000 55100 55200 55300 55400 55500 55600 55700 55800 55900 56000 56100 56200 56300 56400 56500 56600 56700 56800 56900 57000 57100 57200 57300 57400 57500 57600 57700 57800 57900 58000 58100 58200 58300 58400 58500 58600 58700 58800 58900 59000 59100 59200 59300 59400 59500 59600 59700 59800 59900 60000 60100 60200 60300 60400 60500 60600 60700 60800 60900 61000 61100 61200 61300 61400 61500 61600 61700 61800 61900 62000 62100 62200 62300 62400 62500 62600 62700 62800 62900 63000 63100 63200 63300 63400 63500 63600 63700 63800 63900 64000 64100 64200 64300 64400 64500 64600 64700 64800 64900 65000 65100 65200 65300 65400 65500 65600 65700 65800 65900 66000 66100 66200 66300 66400 66500 66600 66700 66800 66900 67000 67100 67200 67300 67400 67500 67600 67700 67800 67900 68000 68100 68200 68300 68400 68500 68600 68700 68800 68900 69000 69100 69200 69300 69400 69500 69600 69700 69800 69900 70000 70100 70200 70300 70400 70500 70600 70700 70800 70900 71000 71100 71200 71300 71400 71500 71600 71700 71800 71900 72000 72100 72200 72300 72400 72500 72600 72700 72800 72900 73000 73100 73200 73300 73400 73500 73600 73700 73800 73900 74000 74100 74200 74300 74400 74500 74600 74700 74800 74900 75000 75100 75200 75300 75400 75500 75600 75700 75800 75900 76000 76100 76200 76300 76400 76500 76600 76700 76800 76900 77000 77100 77200 77300 77400 77500 77600 77700 77800 77900 78000 78100 78200 78300 78400 78500 78600 78700 78800 78900 79000 79100 79200 79300 79400 79500 79600 79700 79800 79900 80000 80100 80200 80300 80400 80500 80600 80700 80800 80900 81000 81100 81200 81300 81400 81500 81600 81700 81800 81900 82000 82100 82200 82300 82400 82500 82600 82700 82800 82900 83000 83100 83200 83300 83400 83500 83600 83700 83800 83900 84000 84100 84200 84300 84400 84500 84600 84700 84800 84900 85000 85100 85200 85300 85400 85500 85600 85700 85800 85900 86000 86100 86200 86300 86400 86500 86600 86700 86800 86900 87000 87100 87200 87300 87400 87500 87600 87700 87800 87900 88000 88100 88200 88300 88400 88500 88600 88700 88800 88900 89000 89100 89200 89300 89400 89500 89600 89700 89800 89900 90000 90100 90200 90300 90400 90500 90600 90700 90800 90900 91000 91100 91200 91300 91400 91500 91600 91700 91800 91900 92000 92100 92200 92300 92400 92500 92600 92700 92800 92900 93000 93100 93200 93300 93400 93500 93600 93700 93800 93900 94000 94100 94200 94300 94400 94500 94600 94700 94800 94900 95000 95100 95200 95300 95400 95500 95600 95700 95800 95900 96000 96100 96200 96300 96400 96500 96600 96700 96800 96900 97000 97100 97200 97300 97400 97500 97600 97700 97800 97900 98000 98100 98200 98300 98400 98500 98600 98700 98800 98900 99000 99100 99200 99300 99400 99500 99600 99700 99800 99900 100000 100100 100200 100300 100400 100500 100600 100700 100800 100900 101000 101100 101200 101300 101400 101500 101600 101700 101800 101900 102000 102100 102200 102300 102400 102500 102600 102700 102800 102900 103000 103100 103200 103300 103400 103500 103600 103700 103800 103900 104000 104100 104200 104300 104400 104500 104600 104700 104800 104900 105000 105100 105200 105300 105400 105500 105600 105700 105800 105900 106000 106100 106200 106300 106400 106500 106600 106700 106800 106900 107000 107100 107200 107300 107400 107500 107600 107700 107800 107900 108000 108100 108200 108300 108400 108500 108600 108700 108800 108900 109000 109100 109200 109300 109400 109500 109600 109700 109800 109900 110000 110100 110200 110300 110400 110500 110600 110700 110800 110900 111000 111100 111200 111300 111400 111500 111600 111700 111800 111900 112000 112100 112200 112300 112400 112500 112600 112700 112800 112900 113000 113100 113200 113300 113400 113500 113600 113700 113800 113900 114000 114100 114200 114300 114400 114500 114600 114700 114800 114900 115000 115100 115200 115300 115400 115500 115600 115700 115800 115900 116000 116100 116200 116300 116400 116500 116600 116700 116800 116900 117000 117100 117200 117300 117400 117500 117600 117700 117800 117900 118000 118100 118200 118300 118400 118500 118600 118700 118800 118900 119000 119100 119200 119300 119400 119500 119600 119700 119800 119900 120000 120100 120200 120300 120400 120500 120600 120700 120800 120900 121000 121100 121200 121300 121400 121500 121600 121700 121800 121900 122000 122100 122200 122300 122400 122500 122600 122700 122800 122900 123000 123100 123200 123300 123400 123500 123600 123700 123800 123900 124000 124100 124200 124300 124400 124500 124600 124700 124800 124900 125000 125100 125200 125300 125400 125500 125600 125700 125800 125900 126000 126100 126200 126300 126400 126500 126600 126700 126800 126900 127000 127100 127200 127300 127400 127500 127600 127700 127800 127900 128000 128100 128200 128300 128400 128500 128600 128700 128800 128900 129000 129100 129200 129300 129400 129500 129600 129700 129800 129900 130000 130100 130200 130300 130400 130500 130600 130700 130800 130900 131000 131100 131200 131300 131400 131500 131600 131700 131800 131900 132000 132100 132200 132300 132400 132500 132600 132700 132800 132900 133000 133100 133200 133300 133400 133500 133600 133700 133800 133900 134000 134100 134200 134300 134400 134500 134600 134700 134800 134900 135000 135100 135200 135300 135400 135500 135600 135700 135800 135900 136000 136100 136200 136300 136400 136500 136600 136700 136800 136900 137000 137100 137200 137300 137400 137500 137600 137700 137800 137900 138000 138100 138200 138300 138400 138500 138600 138700 138800 138900 139000 139100 139200 139300 139400 139500 139600 139700 139800 139900 140000 140100 140200 140300 140400 140500 140600 140700 140800 140900 141000 141100 141200 141300 141400 141500 141600 141700 141800 141900 142000 142100 142200 142300 142400 142500 142600 142700 142800 142900 143000 143100 143200 143300 143400 143500 143600 143700 143800 143900 144000 144100 144200 144300 144400 144500 144600 144700 144800 144900 145000 145100 145200 145300 145400 145500 145600 145700 145800 145900 146000 146100 146200 146300 146400 146500 146600 146700 146800 146900 147000 147100 147200 147300 147400 147500 147600 147700 147800 147900 148000 148100 148200 148300 148400 148500 148600 148700 148800 148900 149000 149100 149200 149300 149400 149500 149600 149700 149800 149900 150000 150100 150200 150300 150400 150500 150600 150700 150800 150900 151000 151100 151200 151300 151400 151500 151600 151700 151800 151900 152000 152100 152200 152300 152400 152500 152600 152700 152800 152900 153000 153100 153200 153300 153400 153500 153600 153700 153800 153900 154000 154100 154200 154300 154400 154500 154600 154700 154800 154900 155000 155100 155200 155300 155400 155500 155600 155700 155800 155900 156000 156100 156200 156300 156400 156500 156600 156700 156800 156900 157000 157100 157200 157300 157400 157500 157600 157700 157800 157900 158000 158100 158200 158300 158400 158500 158600 158700 158800 158900 159000 159100 159200 159300 159400 159500 159600 159700 159800 159900 160000 160100 160200 160300 160400 160500 160600 160700 160800 160900 161000 161100 161200 161300 161400 161500 161600 161700 161800 161900 162000 162100 162200 162300 162400 162500 162600 162700 162800 162900 163000 163100 163200 163300 163400 163500 163600 163700 163800 163900 164000 164100 164200 164300 164400 164500 164600 164700 164800 164900 165000 165100 165200 165300 165400 165500 165600 165700 165800 165900 166000 166100 166200 166300 166400 166500 166600 166700 166800 166900 167000 167100 167200 167300 167400 167500 167600 167700 167800 167900 168000 168100 168200 168300 168400 168500 168600 168700 168800 168900 169000 169100 169200 169300 169400 169500 169600 169700 169800 169900 170000 170100 170200 170300 170400 170500 170600 170700 170800 170900 171000 171100 171200 171300 171400 171500 171600 171700 171800 171900 172000 172100 172200 172300 172400 172500 172600 172700 172800 172900 173000 173100 173200 173300 173400 173500 173600 173700 173800 173900 174000 174100 174200 174300 174400 174500 174600 174700 174800 174900 175000 175100 175200 175300 175400 175500 175600 175700 175800 175900 176000 176100 176200 176300 176400 176500 176600 176700 176800 176900 177000 177100 177200 177300 177400 177500 177600 177700 177800 177900 178000 178100 178200 178300 178400 178500 178600 178700 178800 178900 179000 179100 179200 179300 179400 179500 179600 179700 179800 179900 180000 180100 180200 180300 180400 180500 180600 180700 180800 180900 181000 181100 181200 181300 181400 181500 181600 181700 181800 181900 182000 182100 182200 182300 182400 182500 182600 182700 182800 182900 183000 183100 183200 183300 183400 183500 183600 183700 183800 183900 184000 184100 184200 184300 184400 184500 184600 184700 184800 184900 185000 185100 185200 185300 185400 185500 185600 185700 185800 185900 186000 186100 186200 186300 186400 186500 186600 186700 186800

A estrada que conecta coa parroquia de San Martiño non é de competencia provincial, descoñecendo se é unha vía de servizo atonómica ou un camiño municipal.



Camiño de San Martiño

Por tanto o lugar onde aconteceu o incidente non pertence en ningún caso á rede provincial.

María Belén Pampín Camino
Enxeñeiro

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequera a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial pasivamente lexitimada para interpoñer perante dela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en infraestruturas que non sexan da súa titularidade demanial.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.



Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que “*En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque PODRÁ RESOLVER LA INADMISIÓN DE LAS SOLICITUDES (...) MANIFIESTAMENTE CARENTES DE FUNDAMENTO*”.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.

42.32521.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR CAÍDA NO CONCELLO DE BAIONA (Expte. 2022028697)

Dada conta que con data de rexistro 22/04/2022 (núm. rex. 2022010576), o *Concello de Baiona* traslada a esta Deputación expediente de responsabilidade patrimonial tramitado a instancia de D^a. Susana Leyenda Rodríguez en representación de D^a. Dolores Rodríguez Pinel, por lesións e danos materiais producidos por mor dunha caída, o día 18/10/2021, a consecuencia, segundo manifesta, do mal estado da beirarrúa á altura do nº 2-4 da rúa Virxe da Roca (E.P. 2202) do citado Concello, e que foi cuantificada economicamente en 200 €.

Resultando.- Que con data 11/05/2022, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/1986, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu na data 17/06/2022, co seguinte contido:

PRIMEIRO.- O sinistro localízase na rúa Virxe da Roca, na marxe dereita do p.q. 0+290 da E.P. 2202, estrada que pertence á Rede de Estradas da Deputación Provincial de Pontevedra.

SEGUNDO.- Segundo a explicación da reclamante, a caída tivo lugar cando transitaba pola beirarrúa ao tropezar debido ó mal estado da mesma.

TERCEIRO.- A beirarrúa nese punto está formada por un bordillo de formigón e un pavimento de baldosa hidráulica, cun ancho de 1,50m. Na beirarrúa existen imperfeccións e defectos (oco de 2,50 cm de fondo por rotura dun anaco de baldosa e levantamento dalgunhas pezas causado pola dilatación dos materiais), debido ó uso e ó paso do tempo.

CUARTO.- O tipo de solo no que se localiza o lugar da caída (marxe esquerda do p.q.0+290) é solo urbano, segundo figura no Planeamento vixente do Termo municipal de Baiona.

De modo xeral, en solo urbano a competencia en conservación e mantemento de beirarrúas, aínda que estean situadas no dominio público doutra administración, ven determinado polas competencias que o Municipio ten en plantexamento, xestión, execución e disciplina urbanística.

Por conseguinte, nos casos relativos a solo urbano, como é o caso indicado na queixa remitida, a competencia de conservación e mantemento das beirarrúas corresponde ó Concello.

QUINTO.- Non se rexistra aviso nin saída da brigada de garda deste organismo ó citado sinistro. Non hai constancia de ningunha outra incidencia nesa data nin nese punto pola mesma causa. A beirarrúa non foi arranxada.

SEXTO.- Non había sinalización advertindo do perigo.

SÉTIMO.- Non se fixo ningunha reparación das lousas no lugar da caída.

*Fdo.- María Elena Pérez Alonso
Enxeñeiro*

*Fdo.- Daniel Romay Díaz
Director de Infraestruturas e Vías Provinciais*

Resultando.- Que con data 07/07/2022, e con fundamento nos artigos 4.1, apartados b) e c), da Lei 39/2015, e 76.1 da mesma Lei, déuselle traslado da reclamación ó Concello de Baiona para que puidera comparecer como interesado e facer as alegacións que tivera por convenientes, cumprimentando o mesmo na data 26/07/2022.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2022005721, de data 08/08/2022, e en virtude do artigo 77 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, abriuse o período referido ós actos de instrución do procedemento, no cal a interesada podería propoñer aquelas probas ou actuacións que ó seu dereito conviñeran a fin de practicarse as que se xulgasen pertinentes, e debendo aportar, como acto de instrución realizado de oficio, calquera medio probatorio que permitise constatar a veracidade do relatado, pois ningunha proba dos feitos consta no expediente, agás a súa declaración de parte, así como a cuantificación económica dos danos reclamados, aportando facturas xustificativas e informes médicos que acrediten os importes reclamados en concepto de lesións e secuelas, de ser o caso.

Resultando.- Que con data 19/08/2022 presenta escrito no que cuantifica os danos e aporta a correspondente factura por ese importe, así como diversas fotografías e o informe médico do día da caída, documentos estes que xa obraban no expediente.

Resultando.- Que con data 21/11/2022 solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, acerca dos seguintes extremos:

- Se o obstáculo, pola súa entidade, era susceptible de provocar os danos reclamados.
- Se o mesmo era perceptible a simple vista nun deambular normal.
- Se pola súa entidade sería necesaria a sinalización.



Resultando.- Que con data 22/11/2022 remiten o citado informe complementario co seguinte contido:

Primeiro.- O desperfecto da beirarrúa non tiña a entidade suficiente para causar un dano como o reclamado, sempre que se manteña a atención imprescindible na deambulación.

Segundo.- Non había sinalización advertindo do desperfecto do pavimento pola súa escasa entidade, e debido ó mesmo non se fixo con posterioridade ningunha reparación das losetas no lugar da caída.

Considerando.- Que no presente procedemento seguíuse o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Capítulo IV do Título Preliminar, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á tardanza na emisión de informes e á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no acontecido polos seguintes argumentos que se desprenden do expediente:

- A caída tivo lugar ás 11 horas do 18 de outubro, é dicir, a plena luz do día.
- Nas fotografías aportadas pola reclamante obsérvase que o desperfecto era perfectamente visible, existindo mais espazo na beirarrúa para pasar, adoptando a reclamante unha actitude arriscada ó decidir transitar xusto por riba da zona deteriorada, polo que debeu presumir que isto suporía un perigo para a súa seguridade.
- Segundo o informado polo Servizo de Infraestruturas da Deputación, non hai constancia de ningunha outra incidencia nesa zona.
- Non houbo aviso nin saída da brigada de garda deste organismo por este motivo.
- O desperfecto da beirarrúa non tiña a entidade suficiente para causar un dano como o reclamado, sempre que se manteña a atención imprescindible na deambulación.
- Non había sinalización advertindo do desperfecto do pavimento pola súa escasa entidade, e debido ó mesmo non se fixo con posterioridade ningunha reparación das losetas no lugar da caída.



- Non houbo mais caídas pola mesma causa, o que incide na falta de dilixencia e atención da accidentada, que posuíndo o control da situación non foi quen de evitar a caída, e na falta de entidade do desperfecto, podendo ser salvado este no deambular normal dos viandantes.

Nesta liña argumental o entenderon precedentes como os que se citan “ad exemplum”:

“... *El comportamiento humano implica soportar los pequeños riesgos que una eventual falta de cuidado y atención comporta...*” Sentenza de 2 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S., LA LEY JURIS 11410/2006; e na mesma liña:

- Sentenza do 9 de maio de 2000 do T.S.
- Sentenza do 26 de marzo de 2004 do T.S.X.G.
- Sentenza do 10 de marzo de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo do T.S.J. de Canarias.
- Sentenza do 30 de novembro de 2005, da Sección 14ª da Audiencia Provincial de Barcelona.
- Sentenza do 23 de decembro de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, do T.S.J. de Castilla y León.
- Sentenza do 3 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S.
- Sentenza do 9 de marzo de 2006, da Sección 1ª do T.S.J. de Andalucía.
- Sentenza do 6 de abril de 2006, da Sección 3ª do T.S.J. de Andalucía.
- Ditame do Consello Consultivo de Galicia 877/06.
- Sentenza 262/2011 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.
- Sentenza 156/2010 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:
“...aún en el caso de reconocer ese déficit en las medidas, sea de seguridad sea de vigilancia, a adoptar respecto a la zona en obras, tampoco sería posible hablar de nexo causal directo (...). Al contrario, todo parece indicar que fue una desatención por parte del peatón en las condiciones de la vía la que originó el siniestro...”
- Sentenza 20/2012 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:
“Por tanto, ni el estado de la acera en ese punto puede considerarse sorpresivo para el peatón, ni se puede considerar que fuese un obstáculo imprevisible e inevitable, pues se aprecia claramente por una persona con diligencia media con un deambular normal, existiendo más espacio en la acera para pasar, de forma que ha de considerarse que Dª. Victoria iba distraída y perdió el equilibrio cayendo en la acera (...). Se acredita la causa de exoneración consistente en culpa de la víctima, pues a esta también le es exigible la deambulación diligente, sin que quepa hacer del carácter objetivo de la responsabilidad patrimonial de la Administración Pública una especie de aseguradora universal de todos los daños que se produzcan...”
- Sentenza 252/13 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo:
“...el daño ha de imputarse a la falta de atención y cuidado del peatón, daño que tenía el deber jurídico de soportar y que desde esta perspectiva, no puede calificarse como de antijurídico...”



- Sentenza 150/16 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:
“...Es exigible a cualquier viandante una mínima diligencia y cuidado cuando transita, que se concreta lógicamente en un deber de atención y cuidado”.

- Sentenza 210/2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:
“(...) Eventual falta de atención, comportamiento desatento, o falta de diligencia básica debida en el actuar de la peatón lesionada. Sumado a la evidente dificultad para mantener en un impecabilísimo estado de conservación todas las aceras y vías públicas... y a la falta de demostración de que M^a. Dolores sufriera algún tipo de dolencia, enfermedad o discapacidad física, que le impidiera asegurar el paso en términos más o menos razonables, así como de que en ese mismo lugar hubiera sufrido otra caída algún otro viandante en fechas cercanas, así como a la condición del punto concreto donde se encontraba el desnivel de zona por la que no tiene que transitar el peatón, en tanto se encuentra dentro del alcorque instalado para un árbol y en una acera de considerables dimensiones (lo cual dejaba un muy buen espacio libre para la deambulación de la peatón aquí lesionada) entiendo que impide tener por cierta la acreditación suficiente para este supuesto de la existencia de un nexo causal eficiente, directo, entre daño o lesión por el que se reclama y el funcionamiento de un servicio público municipal. Por lo dicho procede la desestimación del presente recurso”.

Na mesma liña argumental se pronuncian as sentenzas 4/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1, 217/2017 e 82/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 e a sentenza 05/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, todos eles de Pontevedra.

Considerando.- Que non consta no expediente informe policial en relación coa caída, nin testemuñas presenciais da mesma; en definitiva, ningunha proba que permita demostrar a veracidade do relatado, constando so a súa manifestación subxectiva e interesada acerca do acaecido, dándose unha carencia de proba fedatada (testemuñas, atestado policial) de que o estado da beirarrúa era o mesmo que o día do accidente, sendo xurisprudencia reiterada do Tribunal Supremo a que establece a carga que incumbe á parte interesada de pór a disposición do instructor do procedemento un mínimo probatorio, obriga obviada no presente caso.

Considerando.- Que a Ordenanza de Seguridade Viaria da Deputación Provincial de Pontevedra aprobada na sesión plenaria celebrada o día 22/02/2013, sen que se tivera presentado ningunha alegación á mesma, de aplicación en todas as vías de titularidade provincial, recolle no seu artigo 5.5 o seguinte: *“A responsabilidade da xestión, sostemento e reparación dos elementos de urbanización será do concello respectivo, sen prexuízo da asistencia e colaboración que poida prestar a Deputación”*, polo que a competencia de conservación e mantemento das beirarrúas neste tramo correspondería, por tanto, ao Concello de Baiona, máxime cando este non recorreu a citada ordenanza ni na vía administrativa nin na vía contenciosa, o que coaduxa, operando co irrelevante do defecto e coa falta de atención na deambulación, á desestimación da reclamación.



Considerando.- Que a Sentenza 5/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, sinala o seguinte:

“El dato de referencia se vino también a confirmar definitivamente gracias a la aportación documental realizada en Sala por el letrado de la Diputación, consistente en una copia de la Ordenanza de seguridad vial de la Diputación, aprobada el 22/02/2013 y publicada en el BOPDEPO nº 98, de 23/05/2013, de entre cuyas disposiciones se hizo especial mención por dicho letrado al art. 5.4 y 5, sobre cuyo contenido también se emitió certificación de enero de 2019 del secretario xeral de la demandada, confirmando que las “aceras” pertenecientes a vías urbanas y travesías de carreteras de titularidad provincial, tienen la consideración de elementos de urbanización lo que, según el párrafo 5º del art. 5 de la Ordenanza ya mencionada, conlleva la “responsabilidad” por su gestión, sostenimiento y reparación a cargo del Concello dentro de cuyo término municipal se halle la vía, tramo urbano o travesía en cuestión, por más que la titularidad de la misma sea provincial, es decir, de la Diputación”.

Considerando.- Que en supostos con identidade de razón, foron desestimadas as solicitudes de indemnización, sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, conscientes de que hai accidentes que dependen unicamente da dilixencia na deambulación de quen os sofre, e que, atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer, xa non recurso na vía administrativa, senón nin sequera na orde contenciosa o que, por outra banda e cinguíndonos ó presente suposto, obrigaría, de recorrer a esta última vía, a solicitar as costas procesuais. Tales precedentes constan na Asesoría Xurídica.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/1985 e 223 do R.d. 2568/1986.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

43.32522.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “URBANIZACIÓN E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS E MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA AVENIDA CASTELAO. EP-9803 (CONCELLO DA ILLA DE AROUSA)”.
(Expte.2021038293)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/04/2022 acordou adxudicar procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Urbanización e recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avenida Castelao. EP-9803 (Concello da Illa de Arousa)”, á empresa Civis Global, S.L.U., por un importe de 989.435,76 €, e un prazo de execución de OITO (8) MESES.



Resultando.- Que por Resolución Presidencial número 2022003441 de data 05/05/2022 adxudicouse á empresa INGENIERIA IY PREVENCION DE RIESGOS, S.L. o “Contrato derivado Lote 2: AM seguridade e saúde da obra " Urbanización e recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avenida Castela. EP-9803 (Concello da Illa de Arousa). Os traballos obxecto do contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Resultando.- Que con data 19/05/2022 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 19/01/2023.

Resultando.- Que con data 20/12/2022 tivo entrada a través do rexistro electrónico da Deputación (REX-_WE2022064071), petición de prórroga do contratista na execución deste contrato, debido a que a época de inicio das obras, durante os primeiros meses os traballos estiveron supeditados en grande medida polos condicionantes estivais dun lugar como a Illa de Arousa, con grande influencia de turistas tanto nos accesos á obra coma nos accesos a tendas e establecementos de restauración existentes na avenida, o que conlevou continuas paradas tanto da maquinaria coma do persoal. A iso hai que engadirlle que coa chegada do outono, as condicións meteorolóxicas de vento e choiva obrigaron en varias ocasións a deter os traballos, e noutras a modificar o plan de obra e disminuir a produción. Por todo elo solicita unha prórroga de TRES (3) MESES.

Resultando.- Que con data 16/01/2023 emitiu informe a dirección facultativa da obra, recollendo no mesmo que considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, pero considera que dada a cantidade e a natureza dos traballos que restan por executar e atendendo ás condicións meteorolóxicas outonais experimentadas durante o transcurso da obra (57 días con precipitacións de 91 días), considérase que o tempo perdido é de dous meses polo que a prórroga que procede conceder para a ampliación do prazo de execución da obra é de DOUS (2) MESES, ata o 19 de marzo de 2023.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”



Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. *A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...*”

Considerando.- Que en virtude da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais e o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa INGENIERIA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS S.L. o Lote 2 do “*Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)*”.

Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse á empresa INGENIERIA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS S.L. para a adxudicación do Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na prórroga da obra “*Urbanización e recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avenida Castela. EP-9803 (Concello da Illa de Arousa)*”, por un importe de 1.452,00 € IVE incluído.

Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02.2022, dentro do proxecto de gasto código nº 2021003954, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202300013506, por importe de 1.452,00 €.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á empresa CIVIS GLOBAL, S.L.U., unha ampliación do prazo de execución de DOUS (2) MESES, no contrato de obras “*Urbanización e recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avenida Castela. EP-9803 (Concello da Illa de Arousa)*” establecendo coma data para finalizar a obra o día 19/03/2023, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.
2. Adxudicar á empresa INGENIERIA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS S.L. (CIF:B81470841) o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na prórroga da obra “*Urbanización e recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avenida Castela. EP-9803 (Concello da Illa de Arousa)*”, por un importe de 1.452,00 € de acordo co seguinte detalle:

Importe 1.200,00 €
IVE (21 %) 252,00 €
Importe total 1.452,00 €



Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante os DOUS (2) MESES polos que se amplía o prazo de execución do contrato de obras “*Urbanización e recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avenida Castelao. EP-9803 (Concello da Illa de Arousa)*”, con efectos dende o 20/01/2023.

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2022076500.

44.32523.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 8004 CALDAS-VILANOVIÑA, P.Q. 0+000 AO P.Q. 8+213 (CONCELLOS DE CALDAS DE REIS, PORTAS, VILANOVA DE AROUSA E MEIS)”.
(Expte.2022070657)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a *E.P. 8004 Caldas-Vilanoviña* que percorre os termos municipais de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 8.213 km.

Resultando. Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na *EP-8004 Caldas-Vilanoviña* resulta necesario proceder á reparación da estrada, mediante a execución de saneos e o fresado da capa de rodadura en mal estado. Posteriormente, procederase á aplicación dun simple tratamento superficial e o recrecido do firme existente mediante a extensión dunha capa de formigón bituminoso en quente. Finalmente, repoñerase a sinalización horizontal e vertical, co fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.



Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanoviña, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis)*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse pola enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Belén Pampín Camino o proxecto de execución da “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanoviña, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis)*” cun orzamento base de licitación de 1.042.029,28 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) W5Y4YKJEO2Q1R9E3.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 1.042.029,28 €, con número de operación 202300005463 con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02.22022 para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que consta no expediente informe de supervisión favorable, emitido polo xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Resultando.- Que con data 29/03/2022 emitiu informe a xefa do Servizo de Fiscalización recollendo o seguinte: “*...infórmase favorablemente o expediente.*”

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “*...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...*”

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanoviña, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis)*”, redactado pola enxeñeira Belén Pampín Camino, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, cun orzamento base de licitación de 1.042.029,28 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) W5Y4YKJEO2Q1R9E3.



45.32524.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 4006 PONTEAREAS - AS NEVES DO P.Q. 12+080 AO 12+560 (CONCELLO DAS NEVES)”. (Expte. 2022068472)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da E.P. 4006 Ponteareas - As Neves, que transcorre polo *Concello das Neves* e que ten unha lonxitude de 12.681 m. A E.P. 4006 que conecta Ponteareas con As Neves é de dobre sentido de circulación e de sección variable.

Resultando.- Que antes da zona de actuación, no treito antigo existente desde o P.Q. 11+100 ata o P.Q. 12+080 da EP 4006 executáronse obras de mellora mediante unha senda peonil dende o núcleo do Rabelo así como a mellora da mobilidade peonil na rotonda existente no P.Q. 12+000, para a seguranza dos veciños e a conexión co instituto e co centro da vila.

Resultando.- Que onde remata a actuación executada, á altura do P.Q. 12+080 atópase unha beirarrúa pola marxe esquerda en moi mal estado, polo cal a Deputación decide contratar a redacción do proxecto de “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4006 Ponteareas- As Neves do P.Q. 12+080 ao 12+560 (Concello das Neves)*”.

Resultando.- Que o proxecto desenvólvese na súa integridade no *Concello das Neves*, dende o P.Q. 12+080 ao 12+560 da E.P. 4006. O seu obxecto principal é a execución dunha senda peonil de 2,50 metros de ancho pola marxe esquerda da estrada dando continuidade os treitos executados en proxectos anteriores co fin de mellorar a mobilidade peonil existente ata o IES Pazo da Mercé e centro da vila.

Resultando.- Que con data 03/11/2022 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o *Concello de As Neves*, convenio de colaboración para a execución do contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4006 Ponteareas- As Neves do P.Q. 12+080 ao 12+560 (Concello das Neves)*”, por un importe de 258.394,57 €.

Resultando.- Que o citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e *Concello de As Neves* mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	206.715,66 €	80
Concello As Neves	51.678,91 €	20
TOTAL INVESTIMENTO	258.394,57 €	100



Resultando.- Que recolle tamén o convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4006 Pontearreas-As Neves do P.Q. 12+080 ao 12+560 (Concello das Neves)*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., o proxecto de execución da “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4006 Pontearreas-As Neves do P.Q. 12+080 ao 12+560 (Concello das Neves)*” cun orzamento base de licitación de 258.394,57 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) 6SHMH9BQSXLB0P8N.

Resultando.- Que consta no expediente informe de supervisión do proxecto favorable, emitido pola enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Andrea Otero Otero.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 206.715,66 €, con número de operación 202300008089 con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02.2022 para facer fronte ó gasto financiado pola Deputación de Pontevedra.

Resultando.- Que segundo o convenio de colaboración asinado para a execución das obras de referencia, a cantidade restante, por importe de 51.678,91 €, será financiada polo Concello das Neves con cargo a unha subvención do Plan Concellos xa aprobado.

Resultando.- Que con data 09/01/2023 emitiu informe a xefa do Servizo de Fiscalización recollendo o seguinte: “*...No punto nº 7 da providencia de inicio do expediente de contratación do deputado delegado de Infraestruturas e Vías Provinciais, de data 22 de decembro de 2022 (CSV: 6TH1EHHUL3OICZLJ), sinalase que: “Segundo se recolle no anexo de xustificación de prezos do proxecto, o orzamento base de licitación axústase a prezos de mercado cumpríndose co disposto nos artigos 100.2 e 101.7 da LCSP”. Non obstante, tendo en conta a data de redacción do proxecto, outubro de 2021, sería convinte, dada a situación actual de alza de prezos, que se informara polo técnico competente sobre a súa adecuación aos prezos actuais no mercado. Por outra banda, a autorización emitida pola Dirección Xeral de Patrimonio (CSV: D49HES7EDX8F2EW4) para a realización da obra, establece que non poderá iniciarse a mesma mentres non se autorice o proxecto de control arqueolóxico. CONCLUSIÓN Polo exposto, coas observacións e recomendacións formuladas, infórmase favorablemente o expediente....”*



Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...”.

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4006 Pontearreas - As Neves do P.Q. 12+080 ao 12+560 (Concello das Neves)*”, redactado polo enxeñeiro Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa *Estudio Técnico Gallego, S.A.*, cun orzamento base de licitación de 258.394,57 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) 6SHMH9BQSXLB0P8N.

46.32525.- APROBACIÓN DA REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS DO CONTRATO DA OBRA DE “MELLORADA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 3303 TABAGÓN-GOIÁN, DENDE O P.Q. 0+000 ATA O P.Q. 1+795, TREITO I (O ROSAL)” (Expte. 2020055080)

Resultando.- Que por acordo de Xunta de Goberno de data 9 de xullo de 2021, adxudicouse o contrato de “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+795, treito I (O Rosal)*” á empresa *Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela, S.L.* polo importe 568.488,16 €, IVE incluído.

Resultando.- Que con data 13 de xuño de 2022 a empresa *Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela, S.L.* presenta por rexistro (WEB2022035349) unha solicitude de revisión excepcional de prezos para o antedito contrato.

Resultando.- Que analizada a solicitude, e vistas as diferentes interpretacións do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se transpone a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020 (de agora en diante, Real Decreto-lei 3/2022), que permite a revisión excepcional de prezos, e da modificación operada pola Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de



marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, e das dificultades na súa aplicación; a Deputación de Pontevedra realiza unha consulta á Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, con data 13 de xuño de 2022, sobre diversas cuestións de aplicación da revisión excepcional de prezos nos contratos de obra.

Resultando.- Que polos servizos técnicos do Servizo de Infraestrutura emítase informe, con data 1 de decembro de 2022(CSV: ZQRAK2QXBAZVVOMP) no que se sinala que:

- *“Trátase dun contrato que foi formalizado o día 07/09/2021 logo de que o día 12/05/2021 rematara o prazo para presentar as ofertas, determinando en consecuencia o índice de referencia a partir do cal debe establecerse a procedencia dun expediente de revisión de prezos.*
- *O solicitante propón a fórmula de revisión de prezos nº156 que non se axusta ao tipo de obra. Dado que nin no proxecto construtivo nin no PCAP se determina a fórmula de revisión de prezos a empregar, logo do análise das diferentes fórmulas tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras aprobadas polo RD 1359/2011 do 7 de outubro, dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que a fórmula nº 381 é a que houbera correspondido ó contrato. Xúntase revisión efectuada.*
- *O solicitante non aporta xustificación do requisito do artigo 7.1 do RDL 3/2022, de 1 de marzo, sobre a existencia dun incremento do coste dos materiais especificados no artigo, maior do 5 por cento do importe certificado do contrato. Dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que utilizando a fórmula 381 cúmprese dito requisito, obtendo un incremento do 5,57%. Xúntase revisión efectuada. En todo caso, a porcentaxe é provisional suxeita ás variacións dos índices de prezos correspondentes aos meses dos que aínda non se teña publicado os seus correspondentes índices no «Boletín Oficial del Estado».*
- *O solicitante non aporta unha xustificación do importe de revisión de prezos a abonar. Xúntanse os cálculos xustificativos efectuados polos servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais que corresponderían no caso de ser procedente a revisión de prezos, usando a fórmula nº 381 determinando que a revisión de prezos que procedería é de 38.130,23 € (con IVE). En todo caso, o importe é provisional suxeito ás variacións dos índices de prezos correspondentes aos meses dos que aínda non se teña publicado os seus correspondentes índices no «Boletín Oficial del Estado».*
- *O acta de recepción das obras formalizouse o día 11/10/2022. A certificación final das obras foi aprobada o día 25/11/2022. En consecuencia, o día en que se aproba a certificación final determina a finalización do contrato de obras ós efectos do cumprimento do prazo sinalado no art. 9.1 do RDL 3/2022, de 1 de marzo, prazo que se cumpre dado que a solicitude de revisión de prezos foi realizada o día 13/06/2022.*



Resultando.- Que con data 26/12/2022, a Intervención certifica a existencia de crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 456.4530.612.02 do orzamento provincial, quedando retido ou importe de 38.130,23€, mediante ou documento de retención de crédito núm. 202200262156.

Resultando.- Que trasladado ou expediente á Intervención ó obxecto de ser fiscalizado nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, con data 27/12/2022 emitiu informe favorable á revisión excepcional de prezos a Viceinterventora coas seguintes observacións:

A contía resultante da revisión aplicarase na certificación final da obra como partida adicional con pleno respecto á lexislación orzamentaria.

Como consecuencia da aplicación dun índice provisional (abril, maio, xuño, xullo e agosto do 2022) este importe debe revisarse e corrixirse, á alza ou á baixa, na liquidación do contrato por aplicación do índice oficial definitivo correspondente aos meses de abril, maio, xuño, xullo e agosto do 2022.

A efectos de tramitación do pago achegárase polo contratista declaración responsable da non interposición de recurso ou reclamación administrativa ou exercicio de calquera tipo de acción xudicial por mor do incremento dos custos dos materiais neste contrato, ou, no seu caso, a acreditación da desistencia dos mesmos.

As obras obxecto do contrato executáronse mediante convenio de colaboración asinado entre a Deputación e o Concello do Rosal, financiándose nun 72,67% con fondos FEDER-IDAE .

A cláusula cuarta do convenio de colaboración asinado entre a Deputación e o Concello do Rosal para a execución das obras obxecto do contrato establece que “Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto e se produza un incremento do custo, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira”. Aplicados ditos coeficientes (80% Deputación e 20% Concello) , que se manteñen tanto na primeira coma na segunda addenda ao dito convenio, o financiamento dos 38.130,23€ será como segue:

<i>Deputación (80%)</i>	<i>30.504,18€</i>
<i>Concello (20%)</i>	<i>7.626,05€</i>

Á vista do exposto, e coas observacións referidas, infórmase favorablemente a proposta de aprobación da revisión excepcional de prezos polo importe de 38.130,23€...”

Resultando.- Que con data 12/01/2022 emitiu informe o Secretario Xeral da Deputación recollendo o seguinte: “...O presente contrato parte dun convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello do Rosal no que en virtude do principio de cooperación administrativa, acordan a execución dunha actuación nun vial provincial e no que ten como obxectivo a mellora da mobilidade, competencias que poden entenderse transversais ambas administracións. Para elo, as achegas que lle correspondían a ambas entidades eran: *Deputación: 80% (520.355,30 €). *Concello do Rosal: 20% (130.088,82 €). O presente contrato foi adxudicado por importe de 568.488,16 €, correspondendo 454.790,52 € á Deputación e 113.697,63 € ao Concello do Rosal. Considerando que o importe da revisión proposta acada os 38.130,23 €, correspóndelle achegar 30.504,18 € á Deputación e 7.626,05 € ao Concello do Rosal. CONCLUSIÓN: Préstase conformidade á proposta de revisión excepcional de prezos tendo en conta as circunstancias que concorren no presente contrato e a existencia do informe da persoa responsable do mesmo...”



Considerando.- O previsto no artigo 103 e seguintes de Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sobre a revisión de prezos contratos.

Considerando.- Que o Real Decreto-lei 3/2022, que prevé, no seu Título II, medidas de carácter extraordinario para permitir unha revisión excepcional dos prezos dos contratos públicos de obras afectados pola subida dos prezos dos materiais.

Considerando.- Que o día 30 de marzo de 2022, publicouse en BOE/BOE a Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, na Disposición final trixésima sétima, modifica os artigos 6 , 7 , 8 e 9 da Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo.

Considerando.- O Real Decreto-lei 14/2022, do 1 de agosto, de medidas de sustentabilidade económica no ámbito do transporte, en materia de bolsas e axudas ao estudo, así como de medidas de aforro, eficiencia enerxética e de redución da dependencia enerxética do gas natural, que volve modificar o artigo 6 do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, relativo aos casos susceptibles de revisión excepcional de prezos nos contratos de obras.

Considerando.- As formulas do anexo II do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.

Considerando.- Que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, non seu apartado 1, faculta á Ilma. Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta ou disposto non artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto refundido dá Lei reguladora das facendas locais e ou establecido nas bases de execución do orzamento provincial,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a revisión de prezos excepcional do contrato de “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goión, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+795, treito I (O Rosal)*”, adxudicado á empresa *Excavaciones y Construcciones Manuel Perez Portela, S.L.* (B36239861), aplicando a fórmula nº 381 recollida no do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.



Aplicada a fórmula de revisión de prezos resulta un importe de revisión de 38.130,23 €,IVE incluído.

2.-Autorizar e dispoñer o gasto e o pago da revisión excepcional de prezos a favor da empresa *Excavaciones y Construcciones Manuel Perez Portela, S.L.* (B36239861) por importe 38.130,23 € con cargo á aplicación orzamentaria 456.4530.612.02 do vixente orzamento Provincial.

3.- Repercutir ao *Concello de O Rosal* o importe de 7.626,05 € en cumprimento da cláusula cuarta do convenio de colaboración asinado coa Deputación para a execución das obras obxecto do contrato que establece que calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto e se produza un incremento do custo, será financiada de conformidade coa aplicación dos coeficientes de financiación Deputación 80% e o concello de O Rosal 20% .

47.32526.- APROBACIÓN DOS PROXECTOS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS INSTALACIÓNS DE ABASTECIMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS EN VARIOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CORRESPONDENTE CO EXPEDIENTE FEDER EELL-2020-004631 “SISTEMAS SOSTIBLES DE XESTIÓN DE AUGAS NOS CONCELLOS DE BARRO, A CAÑIZA, O GROVE, MARÍN, MEIS, NIGRÁN, PONTEAREAS E PONTECESURES” DO IDAE FINANCIADO NUN 80% POLO FEDER A TRAVÉS DO POCS 2014-2020. (Expte. 2022074878)

Con data 27/12/2022 a Deputada Delegada de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente, Arquitectura e Proxectos Europeos Iria Lamas Salgueiro ditou providencia de inicio pola que se solicita ao Servizo de contratación a iniciación do expediente para a contratación dos traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas residuais en varios concellos da provincia de Pontevedra correspondente co expediente FEDER-EELL-2020-004631 “*Sistemas sostibles de xestión de augas nos concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures*” do IDAE financiado nun 80% polo FEDER a través do POCS 2014-2020 , que comprende as seguintes actuacións:

Lote	
1	Proxecto 1.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no <i>Concello de Barro</i>
2	Proxecto 2.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no <i>Concello de A Cañiza</i>
3	Proxecto 3.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no <i>Concello de O Grove</i>



4	Proxecto 4.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no <i>Concello de Marín</i>
5	Proxecto 5.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no <i>Concello de Meis</i>
6	Proxecto 6.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no <i>Concello de Nigrán</i>
7	Proxecto 7.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no <i>Concello de Pontearreas</i>
8	Proxecto 8.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no <i>Concello de Pontecesures</i>

Xustifícase a necesidade do contrato no marco competencial da Deputación que, ao amparo do artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), asume competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Neste marco competencial, a Deputación de Pontevedra, en colaboración con varios concellos da provincia, presentou, ao amparo das convocatorias de Economía Baixa en Carbono para entidades locais do IDAE (Ministerio para a Transición Ecolóxica) os proxectos detallados anteriormente. Neste proxecto perséguese a mellora da eficiencia enerxética das instalacións de abastecemento e depuración de augas dos concellos mencionados co fin de reducir a demanda enerxética e, polo tanto, o seu consumo enerxético e emisións de dióxido de carbono, mediante a súa modernización, de acordo co Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o RD 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020.

Esta modernización comprenderá por unha banda a substitución de equipamentos (bombas, cadros de mando, sistemas de arranque, etc.) e por outro a incorporación de novos dispositivos de sensorización, caudalímetros, rototamices, sondas de osíxeno, variadores de frecuencia, etc., cos que non se contaba previamente. Para poder realizar dita substitución e os traballos de mellora das instalacións de abastecemento e depuración de augas que vaian asociados, é preciso realizar a contratación cunha ou varias empresas externas que conten coa capacidade e os medios suficientes. Xustifícase, desta forma, a incoación dun expediente de contratación mediante o presente informe cuxo resultado último serán instalacións máis eficientes e que cumpran cos regulamentos e normativa de aplicación. Ratifícase a necesidade desta contratación por carecer na Deputación de Pontevedra dos medios e persoal suficiente coas habilitacións esixidas.

De conformidade co previsto na providencia de inicio do expediente e tendo en conta a definición do obxecto do contrato así como os códigos CPV indicados para a definición do mesmo:

- 45200000.-Traballos xerais de construción de inmobles e obras de enxeñería civil
- 45240000 -Traballos de construción para proxectos hidráulicos



O contrato cualifícase como contrato mixto que comprende prestacións de obra e de subministración. Para a determinación das normas que rexerán a adxudicación do mesmo atenderase ao carácter da prestación principal sendo esta a de subministración.

De conformidade co previsto no artigo 18.3 da LCSP “*nos casos nos que un elemento do contrato mixto sexa unha obra e esta supere os 50.000,00 euros deberá elaborarse un proxecto e tramitarse de conformidade cos artigos 231 e seguintes da LCSP*”.

Á vista do exposto, polos técnicos da empresa Inberso Tecnoloxías SL (CIF B-27.861.335), adxudicataria do contrato para a prestación do Servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificación dos traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas residuais en varios municipios da provincia de Pontevedra dentro do proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004631 ao amparo do RD 316/2019 de 26 de abril do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, redactáronse os correspondentes proxectos de obra para cada unha das actuacións previstas emitíndose polos técnicos do Servizo de Cooperación os correspondentes informes de supervisión dos mesmos.

Pola Intervención emitiuse con data 12/01/2023, informe de fiscalización dos correspondentes proxectos polos que se informan favorablemente os proxectos, informando asimismo da existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao gasto con cargo a aplicación orzamentaria 23/942.1700.652.12.2022, a cuxo efecto se emitiron os correspondentes RC segundo o seguinte detalle:

Lote	Código proxecto gasto	Nº RC	Importe RC
1	21_0051_AUGA I_BARRO	202300010961	78.227,72 €
2	21_0052_AUGA I_CAÑIZA	202300010965	120.307,29 €
3	21_0053_AUGA I_GROVE	202300010968	90.525,98 €
4	21_0054_AUGA I_MARIN	202300010981	65.654,49 €
5	21_0055_AUGA I_MEIS	202300010971	92.408,72 €
6	21_0056_AUGA I_NIGRAN	202300010973	142.120,98 €
7	21_0057_AUGA I_PONTEAREAS	202300010975	91.960,88 €
8	21_0058_AUGA I_PONTECESURES	202300010978	88.879,34 €
Total			770.085,40 €

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a),



que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 60.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar os proxectos, correspondentes a “*Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas residuais en varios concellos da provincia de Pontevedra correspondente co expediente FEDER-EELL-2020-004631 “Sistemas sostibles de xestión de augas nos concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures”* do IDAE financiado nun 80% polo FEDER a través do POCS 2014-2020 ,que comprende os seguintes proxectos.

Lote	Denominación proxecto	Código CSV
1	Proxecto 1.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Barro	U4L74NO9JC1FYVR7
2	Proxecto 2.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de A Cañiza	O3P4O4HV2VF3GFYL
3	Proxecto 3.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de O Grove	SCJGUA43IK3KSQ8K
4	Proxecto 4.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Marín	U3GIZ6H3PV50S1RE
5	Proxecto 5.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Meis	VXDYBFYUZI4EFXUR
6	Proxecto 6.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Nigrán	SVYSURLD51MBI3JX
7	Proxecto 7.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Pontearreas	T56THG7MLCV0RW3F
8	Proxecto 8.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de depuración de augas no concello de Pontecesures	TLA8S2NNK69N965V

Os proxectos foron redactados por Fernando Guitián Guitián técnico da empresa Inberso Tecnoloxías SL (CIF B-27.861.335), ao ser dita empresa a adxudicataria do contrato para a prestación do Servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificación dos traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas residuais en varios municipios da provincia de Pontevedra dentro do proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004631.



48.32527.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DAS INTERSECCIÓN E ACONDICIONAMENTO NO ENTORNO DA ESTRADA DO VAO, EP-2003 (CONCELLO DE VIGO)” (Expte.2022049078)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a E.P. 2003 *Coruxo-Canido* no termo municipal de Vigo pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, tamén e coñecida como Estrada do Vao e sitúase entre a Rúa Canido e a Estrada de Camposancos, atravesada pola Avenida de Ricardo Mella, na Parroquia de Coruxo de Vigo, cunha lonxitude de 1,6 km.

Resultando.- Que recentemente, a Deputación de Pontevedra fixo unha serie de adecuacións puntuais en partes da rúa en coordinación co Concello de Vigo. Estas consistiron na mellora da mobilidade e seguridade peonil mediante a instalación de novos pasos de peóns elevados e bolardos, así como a mellora da circulación motorizada conseguida mediante o reasfaltado e pintado do firme da calzada, sen incluír outras actuacións na beirarrúa nin sobre as interseccións cos viarios adxacentes.

Resultando.- Que as obras que se pretenden levar a cabo encádranse dentro dunha serie de actuacións de renovación e modernización de espazos urbanos, con similares características ás levadas a cabo en distintas áreas consolidadas da cidade de Vigo. Contéplanse as actuacións necesarias para acondicionar e mellorar o entorno da estrada de O Vao, buscando dotar de continuidade e accesibilidade ós itinerarios peonís.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que ten que acudir a contratación externa.

Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse no Servizo de Contratación informe do xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, coa conformidade do Deputado Delegado desa área, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)*”



Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse pola enxeñeira Trinidad López Rodríguez, adscrita á empresa Galaicontrol, o proxecto de execución da obra “Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)” cun orzamento base de licitación de 280.000,00 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) T1Z5WXCPXN5NHU2I.

Resultando.- Que consta no expediente informe favorable de supervisión do proxecto, emitido polo xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías provinciais

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC por importe de 280.000,00 €, con número de operación 202200195113 con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 24/11/2022 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)”, redactado pola enxeñeira Trinidad López Rodríguez, adscrita á empresa Galaicontrol, cun orzamento base de licitación de 280.000,00 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) T1Z5WXCPXN5NHU2I.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que con data 05/12/2022 emitíu informe o Secretario Xeral da Deputación recollendo que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente.

Resultando.- Que con data 30/12/2022 emitíu informe a xefa do Servizo de Fiscalización recollendo que: *“...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Cabe por de manifesto que, na Providencia de inicio de expediente, existe un erro nos apartados 11, 12 e 13 xa que non consta ningún tipo de acordo nin instrución da Intervención Provincial a ese respecto, sendo incorrectas, por tanto, as redaccións dos citados apartados e polo que deben suprimirse esas referencias en futuras providencias de inicio de expedientes que se tramiten no futuro. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”*



Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “*A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante*”.

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “*Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.*”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “*Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..*”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “*A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...*”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da estrada do Vao, EP-2003 (Concello de Vigo)*” cun orzamento base de licitación de 280.000,00 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	231.404,96 €
IVE (21%).....	48.595,04 €
Importe Total.....	280.000,00 €



2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): OUT01NRMAV46JAMG, e de prescricións técnicas con código (CSV) T1Z5WXCPXN5NHU2I, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 280.00,00 €, con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

49.32528.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DA “SUBMINISTRACIÓN, IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DUN SISTEMA DE XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCIERO E PATRIMONIAL”. (Expte.2022070144)

As esixencias en materia contable e patrimonial así como as necesidades en materia de administración electrónica e remisión de información, fan necesaria a dotación dun sistema de xestión económico e patrimonial que permita un adecuado cumprimento da normativa coa maior eficiencia posible, garantindo en todo caso a integración e interoperabilidade cos sistemas actuais e a observancia da normativa en materia de seguridade e protección de datos.

Esta necesidade foi advertida pola Intervención Provincial no Informe resumo anual de control interno sinalando a insuficiencia das funcionalidades do sistema actual e a necesidade imperiosa de iniciar as actuacións necesarias para o estudo e planificación do cambio do programa contable coa dotación dos medios necesarios e correspondentes cun sistema de xestión económica que inclúa un módulo avanzado de contabilidade analítica e de xestión patrimonial.

Nesta liña, o Plan de acción 2021, aprobado por RP número 2021004270 en data 19/07/2021, configura a modernización do sistema de xestión económico – financeiro e patrimonial da Deputación como obxectivo prioritario do plan.

Os sistemas propostos e coas funcionalidades requiridas non se atopan dispoñibles en softwares libres ou gratuítos. Segundo resulta da Consulta de solucións gratuítas dispoñibles no Centro de Transferencia de Tecnoloxía (CTT), a Intervención Xeral da Administración do Estado (IXAE) desenvolveu o sistema BÁSICAL para dar soporte ao Modelo Básico do Sistema de Información Contable para entidades locais cun orzamento de ata 300.000 euros e unha poboación de ata 5000 habitantes; sen que exista unha solución equivalente dispoñible para medianas e grandes entidades que aplican o modelo normal de contabilidade.



Así mesmo a complexidade e especialización destes sistemas, así como a necesidade de permanente actualización, imposibilitan o desenvolvemento destes sistemas por medios propios.

En base ao exposto con data 22/11/2022 polo Deputado Delegado de Economía, Facenda, Réxime Interior e Oral formulou providencia de inicio mediante a que se solicita a contratación da subministración, implantación e mantemento dun sistema de xestión económico-financeira e patrimonial para a Deputación de Pontevedra.

Vistos os informes emitidos pola secretaría e pola intervención de data 21/12/2022 e 12/01/2023 respectivamente polos que se informa favorablemente o expediente.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da subministración, implantación e mantemento dun sistema de xestión económico-financeiro e patrimonial para a Deputación de Pontevedra.

2.- Autorizar o gasto de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2023	23/931.9310.641.00.2022	601.397,13 €
2024 (8 meses)	24/931.9310.227.99	36.370,76 €
2025	25/931.9310.227.99	54.556,14 €
2026	26/931.9310.227.99	54.556,14 €
2027 (4 meses)	27/931.9310.227.99	18.185,38 €
Total		765.065,55 €

Os importes correspondentes aos exercicios 2024, 2025, 2026 e 2027 quedarán condicionados a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito nos respectivos orzamentos. Non obstante a distribución por anualidades poderá sufrir variacións en función da data de formalización do contrato.

3.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas que consta no expediente, co código seguro de verificación (CSV) ETNIWT03GSYD2D9D e o prego de prescricións técnicas co código seguro de verificación (CSV) 2DYR2VZZQF1Q26KW.



4.- Nomear responsable do contrato ao Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, Juan Gabriel Fernández García de la Rocha.

5.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

50.32529.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DA “SUBMINISTRACIÓN DE REACTIVOS PARA O LABORATORIO DA FINCA MOURISCADÉ”.
 (Expte.2022059153)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 28 de outubro de 2022, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da “*Subministración de reactivos para o laboratorio da Finca Mouriscadé*”, cos seguintes lotes:

Lote	Denominación
Lote 1	Reactivos para a realización das determinacións físico-químicas.
Lote 2	Reactivos para a realización das determinacións microbiolóxicas.
Lote 3	Reactivos para equipos dos que dispón o laboratorio: “Minividas e Vitek 2”.
Lote 4	Reactivos para a realización das determinacións de augas.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 28 de outubro de 2022, aparecendo publicado o día 2 de novembro de 2022 (Anuncio de licitación 2022/S 211-606428), así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 2 de novembro de 2022. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión do día 2 de decembro de 2022, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

Na reunión da Mesa de Contratación do día 2 de decembro de 2022, tamén se procedeu á apertura electrónica dos sobre B correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos das empresas que resultan admitidas.



Unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación observa que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a proposta da empresa COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 SL. (NIF:B36769479), para o Lote 1, e da empresa BIOSER, S.A. (NIF: A08964884), para os Lotes 2 e 4, presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado para os citados lotes do contrato, polo que se lle require xustificación.

Achegada a documentación requirida, o servizo de Medio Ambiente, mediante informe de data 14 de decembro de 2022 (X6LNRUH1WLFPCJGW), considera que a xustificación presentada pola empresa COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 SL. (NIF: B36769479) para o lote 1 acredita de forma correcta a súa oferta económica, polo que propuxo á Mesa de Contratación que fora admitida. Así mesmo, no mesmo informe de data 14 de decembro de 2022, considera que non se debe aceptar a xustificación presentada pola empresa BIOSER, S.A. (NIF: A08964884), para os lotes 2 e 4 por que, da documentación aportada non se pode acreditar que poidan cumprir cos compromisos derivados do contrato.

De conformidade co exposto, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 22 de decembro de 2022, acordou propor ao órgano de contratación a exclusión da empresa BIOSER, S.A. (NIF: A08964884) do procedemento seguido para a adxudicación dos lotes 2 e 4 do presente contrato, por ofertar valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel de prezos, e polo tanto presúmese que non pode cumprir o contrato.

No mesmo acto, a Mesa de Contratación procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación o resto das ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación dos catro lotes do contrato a favor da empresa das seguintes empresas, polos prezos e valores ofertados para cada un dos lotes:

- Lote 1: COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 SL. (NIF: B36769479)
- Lote 2: COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 SL. (NIF: B36769479)
- Lote 3: BIOMERIEUX ESPAÑA, S.A.U. (NIF: A28664589)
- Lote 4: CIENYTECH SOLUCIONES, S.L. (NIF: B70508023)

Mediante Resolución Presidencial número RP2022009368, de 26/12/2022 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require ás citadas empresas, que presentan a mellor oferta en cada un dos lotes sinalados, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.



As empresas propostas presentaron a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra, cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva:

- Lote 1 e 2: COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 SL con Rexistro entrada WEB2023001080, de data 09/01/2023). Garantía polo importe de 6.290,87 € (carta de pago núm. operación 202300002517 do 04/01/2023) e 4.153,70 € (carta de pago núm. operación 202300002539 do 04/01/2023)
- Lote 3: BIOMERIEUX ESPAÑA, S.A.U. con Rexistro entrada WEB2022065180, de data 28/12/2022). Garantía polo importe de 4.547,88 € (carta de pago núm. operación 202200264400 do 29/12/2022)
- Lote 4: CIENYTECH SOLUCIONES, S.L con Rexistro entrada WEB2022065530, de data 30/12/2022). Garantía polo importe de 1.054,40 € (carta de pago núm. operación 202300002207 do 02/01/2023)

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministración cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- *Excluír do procedemento de contratación* dos lotes 2 e 4 á empresa BIOSER, S.A. (NIF: A08964884), por ofertar valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel de prezos, e polo tanto presúmese que non pode cumprir o contrato.



2.- Adjudicar o contrato de *Subministración de reactivos para o laboratorio da Finca Mouriscade* ás seguintes empresa, en cada un dos lotes, polos prezos e valor es ofertados, e conforme ao seguinte detalle:

Lote 1: COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 SL. (NIF: B36769479)

LIN	TIPO REACTIVO	FORMATOS ADMITIDOS	UDS ANO	FORMATO UD	PREZOS ADXUDICACIÓN
1	SOLUCIÓN ÁCIDA DETERXENTE RE.	INDIFERENTE, HASTA 10 L/KG	377	L	4,31 €
2	SOLUCIÓN NEUTRO DETERXENTE RE.	INDIFERENTE, HASTA 10 L/KG	422	L	3,77 €
3	POTASIO HIDRÓXIDO 0.23 N SV.	INDIFERENTE, HASTA 10 L/KG	1.285,00	L	3,23 €
4	SULFÚRICO 0.1275 M SV	INDIFERENTE, HASTA 10 L/KG	1.285,00	L	4,31 €
5	SODIO HIDRÓXIDO 32% PA	INDIFERENTE, HASTA 10 L/KG	1.667,00	L	3,23 €
6	POTASIO SULFATO PA.	INDIFERENTE, HASTA 10 L/KG	156	Kg	8,07 €
7	COBRE II SULFATO PENTA-HIDRATO PA, ACS.	INDIFERENTE, HASTA 10 L/KG	16	Kg	18,30 €
8	ÁCIDO BÓRICO 4% RV	INDIFERENTE, HASTA 10 L/KG	1.667,00	L	4,85 €
9	ÁCIDO CLORHÍDRICO 0.1N SV	1 LITRO	431	L	4,31 €
10	ÁCIDO SULFÚRICO 95-97% PA	2,5 LITROS	312	L	5,17 €
11	ÉTER PETRÓLEO 40-60° PA	5 LITROS	385	L	5,92 €
12	ÁCIDO CLORHÍDRICO 0.310 M (1.128%P/Y) SV.	INDIFERENTE, HASTA 10 L/KG	385	L	2,69 €
13	CLORURO DE CESIO PA 100G	100 G	1	Kg	559,66 €
14	ÁCIDO CLORHÍDRICO 37%.	1 LITRO	217	L	6,46 €
15	ACETONA, P. SÍNTESIS	5 LITROS	111	L	3,98 €
16	ÁCIDO ACÉTICO GLACIAL, PA, ACS, ISO.	1 LITRO	6	L	10,76 €
17	ÁCIDO CLORHÍDRICO, SOLUCIÓN 3 MOL/L (3N).	INDIFERENTE, HASTA 10 L/KG	945	L	3,77 €
18	ÁCIDO NÍTRICO MÍ. 69 %, PA	INDIFERENTE, HASTA 10 L/KG	9	L	9,15 €
19	ÉTER DIETÍLICO, PA, ACS ISO.	5 LITROS	41	L	9,25 €
20	PLATA NITRATO, 0,1 N, SV.	1 LITRO	9	L	15,61 €
21	REACTIVO CARREZ I.	INDIFERENTE, HASTA 10 L/KG	43	L	8,62 €
22	REACTIVO CARREZ II.	INDIFERENTE, HASTA 10 L/KG	43	L	15,60 €
23	SODIO HIDRÓXIDO, SOLUCIÓN 0,1 MOL/L (0,1).	1 LITRO	8	L	6,46 €
24	SODIO SULFITO, PA, ACS.	1 KG	18	Kg	10,22 €



25	ETANOL 96% V/V, P. ANÁLISIS. (IMPUESTO ETANOL INCLUIDO).	Un litro	56	L	17,04 €
26	SODIO TIOSULFATO 0,1M (0,1N), SV.	Un litro	28	L	9,52 €
27	2-PROPANOL, PA, ACS.	INDIFERENTE, HASTA 5 LITROS	4	L	17,92 €
28	POTASIO IODURO, PA, ACS, ISO.	INDIFERENTE, HASTA 5 KG	4	kg	154,51 €
29	1-OCTANOL, PURÍSIMO.	Un litro	5	L	42,51 €
30	SODIO CARBONATO ANHIDRO, PARA ANÁLISES, ACS, ISO.	Un Kg	3	Kg	24,08 €
31	N-HEXANO, 96%. PA. ACS. ISO.	UN LITRO, 2,5 LITROS	3	L	22,17 €
32	SOLUCIÓN TAMPÓN DE PH CERTIFICADO A 25°C, PH 4,00.	250 ML, 500 ML, 1 L	6	L	20,45 €
33	SOLUCIÓN TAMPÓN DE PH CERTIFICADO A 25°C, PH 7,00.	250 ML, 500 ML, 1 L	6	L	20,45 €
34	DISOLUCIÓN ELECTROLÍTICA (KCL 3M).	250 ML, 500 ML, 1 L	6	L	20,45 €

Lote 2: COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 SL. (NIF: B36769479)

LIN	TIPO REACTIVO	FORMATOS ADMITIDOS	UDS ANO	FORMATO UD	PREZOS ADXUDICACIÓN
1	AUGA DE PEPTONA TAMPONADA LÍQUIDA EN BOLSA FLEXIBLE. SEGUNDO ISO 6887 E ISO 6579	3 ó 5 LITROS, EN BOLSA FLEXIBLE	1512	L	2,89 €
2	AGAR TBX PARA O RECONTO DE E.COLI B-GLUCURONIDASA POSITIVA SEGUNDO ISO 16649-2	100 ó 200 MILILITROS, EN FRASCOS	1512	UD 100 ML	2,70 €
3	AGAR VRBG PARA DETECCIÓN E RECUENTO DE ENTEROBACTERIACEAE SEGUNDO ISO 21528	100 ó 200 MILILITROS, EN FRASCOS	2808	UD 100 ML	1,42 €
4	AGAR BAIRD-PARKER RPF (PLASMA DE COELLO CON FIBRINÓXENO) PARA DETECCIÓN E RECONTO DE ESTAFILOCOCOS COAGULASA POSITIVOS SEGÚN ISO 6888	100 MILILITROS	194	UD 100 ML	9,56 €
5	AGAR TSC (AGAR BASE CON SUPLEMENTO CICLOSERINA), PARA RECONTO DE CLOSTRIDIUM PERFRINGENS SEGUNDO ISO 7937	100 MILILITROS	1350	UD 100 ML	3,61 €



6	AGAR SABOURAUD CLORANFENICOL PARA RECONTO DE MOFOS E LEVADURAS	100 ó 200 MILILITROS	1980	UD 100 ML	2,60 €
7	SOBRES XERADORES DE ATMÓSFERA ANAERÓBICA PARA O SEU USO EN XARRAS DE 2,5 LITROS DE CAPACIDADE.	SOBRES PARA XERRAS DE 2,5 LITROS	1170	SOBRE	1,52 €
8	AUGA DE PEPTONA TAMPONADA DESHIDRATADA SEGUNDO ISO 6887 E ISO 6579.	500 GR	7	UD 500 GR	19,95 €
9	PLACAS DE 90 MM Ø DE AGAR SANGRE CON ESCULINA.	INDIFERENTE	5400	PLACA	0,59 €

Lote 3: BIOMERIEUX ESPAÑA, S.A.U. (NIF: A28664589)

LIN	TIPO REACTIVO	UDS	FORMATO UD	PREZO Adjudicación
1	CALDO RAPPAPORT VASSILIADIS SOJA, TUBOS DE 10 ML., SEGUNDO ISO 6579	3510	TUBOS	1,80 €
2	CALDO MULLER-KAUFFMANN, TUBOS DE 10 ML., SEGUNDO ISO 6579	3510	TUBOS	0,80 €
3	CALDO M, TUBOS DE 10 ML.	7020	TUBOS	1,80 €
4	VIDAS SALMONELLA (SLM).	3510	UDS	5,15 €
5	TARXETAS PARA IDENTIFICACIÓN DE DISTINTOS XERMES PARA REALIZAR CO EQUIPO VITEK 2 COMPACT.	216	UDS	11,55 €
6	VIDAS LISTERIA MONOCYTOGENES II LMO2	216	UDS	7,87 €
7	CALDO FRASER SEMI. ENVASE DE 225 ML., SEGUNDO ISO 11290.	81	ENVASES	6,44 €
8	CALDO FRASER, TUBOS 10 ML., SEGUNDO ISO 11290	90	TUBOS	1,47 €
9	PLACAS 90 MM Ø DE AGAR XILOSA LISINA DESOXICOLATO (XLD) PARA ILLAMENTO DE SALMONELA SPP SEGUNDO ISO 6579	216	PLACAS	0,62 €
10	PLACAS DE 90 mm ø, DE MEDIO CROMOGENICO PARA ILLAMENTO SELECTIVO E DIFERENCIACIÓN DE SALMONELLA SPP, SEGUNDO ISO 6579	216	PLACAS	1,94 €
11	PLACAS DE 90 mm ø, DE MEDIO CROMOGENICO PARA DETECCIÓN DE LISTERIA MONOCYTÓGENES SEGUNDO ISO 11290	108	PLACAS	2,21 €

Lote 4: CIENYTECH SOLUCIONES, S.L. (NIF: B70508023)

LIN	TIPO REACTIVO	FORMATOS ADMITIDOS	UDS ANO	FORMATO UD	PREZOS Adjudicación
1	AGAR SLANETZ-BARTLEY EN PLACAS DE 55 MM Ø PARA DETECCIÓN E RECONTO DE ENTEROCOCOS INTESTINAIS EN AUGA SEGUNDO ISO 7899.	INDIFERENTE	1.728	PLACA	0,69 €
2	AGAR TRIPTOSA SULFITO CICLOSERINA (TSC) EN PLACAS DE 55 MM Ø PARA DETECCIÓN E RECONTO DE CLOSTRIDIUM PERFRINGENS EN AUGA SEGUNDO ISO 14189	INDIFERENTE	1620	PLACA	1,59 €



3	AGAR CN EN PLACAS DE 55 MM Ø PARA DETECCIÓN DE PSEUDOMONAS AERUGINOSA EN AUGA SEGUNDO ISO 16266	INDIFERENTE	1620	PLACA	0,69 €
4	AGAR CROMOGENICO PARA BACTERIAS COLIFORMES (CCA) EN PLACAS DE 55 MM Ø PARA DETECCIÓN E RECONTO DE ESCHERICHIA COLI E BACTERIAS COLIFORMES EN AUGA SEGUNDO ISO 9308.	INDIFERENTE	1728	PLACA	0,90 €
5	AGAR EXTRACTO DE LEVADURA SEGUNDO ISO 6222, EN PLACAS DE 55 MM Ø, PARA RECONTO DE COLONIAS A 22°C POLO MÉTODO DE FILTRACIÓN DE MEMBRANA	INDIFERENTE	1620	PLACA	1,00 €

O prazo de duración será desde a data indicada no documento de formalización (estímase a súa sinatura no primeiro mes do ano) do contrato ata o 31 de decembro de 2024.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2023 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 410.4120.221.06 do vixente orzamento provincial, e as do ano 2024 contabilizarase na correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 410.4120.221.06, quedando condicionado o gasto á aprobación do seu respectivo orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo. O cadro de financiamento previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data da súa formalización.

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Lote	Importe total (co IVE)
2023	410.4120.221.06	Lote 1	54.723,08 €
		Lote 2	35.612,86 €
		Lote 3	55.029,35 €
		Lote 4	9.742,19 €
2024	410.4120.221.06	Lote 1	54.723,08 €
		Lote 2	35.612,86 €
		Lote 3	55.029,35 €
		Lote 4	9.742,19 €

Forma de pagamento: PARCIAL



Fitos de facturación:

O pagamento das subministracións realizadas ao abeiro do presente contrato realizarase contra a presentación das correspondentes facturas, unha vez conformadas pola persoa responsable do contrato e sempre trala sinatura dos correspondentes albarás. O importe a pagar por cada subministración entregada obterase aplicando a porcentaxe de baixada obtida en función do prezo total ofertado pola empresa aos prezos unitarios que se sinalan no anexo V deste prego. A estes efectos, cada subministración entregarase co correspondente albará no que se identificará claramente o tipo e a cantidade dos bens entregados. Os albarás deberán ser selados e asinados pola persoa que recepcione a mercadoría ou persoa responsable do pedido.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2022059153		
Órgano xestor:	LA0006120	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Concepción López, Paz, xefa do Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue.

3.- As empresas adxudicatarias deberán formalizar os contratos en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.



Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levántase a suspensión.

51.32530.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA PRESENTADA POLA XEFA DO SERVIZO DE COOPERACIÓN, CORRESPONDENTE A FONDOS LIBRADOS DE ANTICIPOS DE CAIXA FIXA DURANTE O ANO 2022, POLO PROCEDIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (Expte. 2022008114 e 2022016069)

Por Resolución Presidencial número 2022000659 de data 28 de xaneiro de 2022 aprobouse unha resolución de reordenación das aplicacións orzamentarias, dos habilitados e dos importes dos anticipos de caixa fixa, autorizando a constitución dun anticipo de caixa fixa xeral para os gastos de locomoción de persoal (OBES) por importe global de 15.200,00 euros. Entre os servizos desta Deputación que contaban con importes autorizados de anticipos de caixa fixa figuran o Parque Móbil e 7 máis, pero non aparece como autorizado o Servizo de Cooperación.

Resultando que a Xefa do Servizo de Cooperación emite senllos informes de data 12 de abril 2022 sobre gastos derivados da utilización do OBE número 671310001272536 instalado no vehículo matrícula Toyota Yaris matrícula 1288 LSV, por importes de 104,60 e 115,77 euros, correspondentes as peaxes por desprazamentos realizados por autoestradas durante os meses de xaneiro e febreiro de 2022.

Resultando que en relación con ditas xustificacións a Intervención detectou unha serie de incidencias que impediron a aprobación destas contas xustificativas polo procedemento ordinario establecido na base 33ª de execución do orzamento provincial do exercicio 2022 debido a que na Resolución Presidencial número 2022000659 de data 28 de xaneiro de 2022 pola que se autorizou a constitución dun anticipo de caixa fixa xeral para os gastos de locomoción de persoal (OBES) non existía aplicación orzamentaria para xustificar os gastos realizados polo Servizo de Cooperación no ano 2022.

Resultando que por Resolución Presidencial número 2022001570 de data 28 de febreiro de 2022 resólvese autorizar a constitución dunha caixa fixa do Servizo de Cooperación contra a aplicación 22/942.9420.231.20 (gastos de locomoción) por un importe de mil setenta euros (1.070,00 €), para imputar os gastos do dispositivo OBE número de contrato 671310001272536.

Resultando que a Intervención emite informe con data 12 de xaneiro 2023 respecto á xustificación realizada pola Xefa do Servizo de Cooperación sobre gastos realizados co OBE número 671310001272536, no que deixa constancia do incumprimento dalgún dos requisitos esixibles para a aprobación destas obrigas e informa da existencia de crédito no vixente orzamento provincial de



2023, por importe global de 220,37 euros, con cargo á aplicación 23/942.9420.231.20. Así mesmo ante o feito de que os gastos están realizados no exercicio 2022 procede a aprobación das contas xustificativas polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito ademais de dar conta ao Pleno no informe anual que elabora a Intervención cos resultados obtidos do control de contas a xustificar e anticipos de caixa fixa.

Considerando que os gastos do OBE número 671310001272536 nos meses de xaneiro e febreiro de 2022 foron realizados antes da existencia da Resolución Presidencial número 2022001570 de data 28/02/2022 autorizando a constitución da caixa fixa do servizo de Cooperación cos Municipios, polo que non existía partida orzamentaria para xustificar os mesmos, e que a base 33º do orzamento provincial para o ano 2022 establecía que antes do 15 de decembro dese ano as persoas que figuraban como habilitados de fondos librados de “Anticipos de caixa fixa” deberían render contas xustificativas dos gastos realizados con estes fondos en tal exercicio.

Considerando o establecido nos artigos 34.1, f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; 185 e 190 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e 61.14 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como na base 33ª de execución do vixente orzamento provincial.

Considerando que a base 17ª do orzamento provincial para o ano 2023 establece que nos supostos de fiscalización nos que se detecte que as facturas ou certificacións non cumpran con algún dos requisitos esenciais esixibles e se os requisitos incumpridos implican a nulidade radical da obriga, procederase ó recoñecemento das obrigas polo sistema de recoñecemento extraxudicial de crédito sendo competencia da Xunta de Goberno, por delegación da Presidencia, cando exista crédito no orzamento da Deputación de Pontevedra.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos e declarar de aboamento as obrigas ás que se refiren as xustificacións de fondos librados de anticipos de caixa fixa do ano 2022, presentadas pola Xefa do Servizo de Cooperación, Dona Marina Piñeiro Novo, por un importe global de douscentos vinte euros con trinta e sete céntimos (220,37 €) correspondentes a gastos de carácter periódico e repetitivo realizados co OBE número 671310001272536 instalado no vehículo Toyota Yaris matrícula 1288 LSV, durante os meses de xaneiro e febreiro de 2022, de acordo co detalle que figura recollido na documentación xustificativa incluída nos expedientes CIVIDAS número 2022008114 e 2022016069.

INFORME CSV	Mes	Importe
ZKZDOW2S92ACW6V0	Xaneiro	104,60 euros
XQM09JIH1MS86VVK	Febreiro	115,77 euros



Os gastos realizados co OBE número 671310001272536 nos meses de xaneiro e febreiro de 2022, por importes de 104,60 euros e 115,77 euros, respectivamente, imputaranse á aplicación orzamentaria 23/942.9420.231.20 do vixente orzamento provincial e efectuaranse con reposición de fondos na caixa fixa xeral, cuxo habilitado é o Sr. Tesoureiro da Deputación de Pontevedra.

2. Que por parte da Intervención se de conta ao Pleno da aprobación da mencionada conta xustificativa por importe global de douscentos vinte euros con trinta e sete céntimos (220,37€), efectuada pola habilitada do Centro Xestor Servizo de Cooperación, Dona Marina Piñeiro Novo, no informe anual cos resultados obtidos do control de contas a xustificar e anticipos de caixa fixa, de acordo co disposto no artigo 27.2 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

52.32531.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA COTRARGA, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “47 LOTES DE ALUGUER DE MAQUINARIA E VEHÍCULOS DE TRANSPORTE E DE 23 LOTES DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA O ANO 2009 (Lote 66)” (Devogarán 2023075813)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 11 de febreiro de 2009, adxudicouse o contrato relativo a “47 lotes de aluguer de maquinaria e vehículos de transporte e de 23 lotes de subministro de materiais para o ano 2009” (Exp.- Ano 2009).

Para responder da realización deste contrato, a empresa COTRARGA, S.L. (CIF.- B-36571784), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 4% do prezo de adxudicación, por importe de 9.375,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201300129524, de data 10/10/2013 (Núm. MI200900009509, de data 10/02/2009).

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que procede a devolución da mesma ao non comunicar o servizo correspondente ningún vicio ou defecto na realización do obxecto ao que fai referencia o contrato dos que puideran derivarse responsabilidade algunha por parte do contratista durante o seu prazo de vixencia.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa COTRARGA, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Subministración e posta en 47 lotes de aluguer de maquinaria e vehículos de transporte e de 23 lotes de subministro de materiais para o ano 2009*” (Expte.- *Ano 2009*), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de CAIXANOVA, por importe de 9.375,00€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 10/10/2013, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201300129524 (Núm. MI 200900009509, de data 10-02-2009).

53.32532.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA TÉCNICOS ASOCIADOS DE INFORMÁTICA, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SUBMINISTRACIÓN E MANTEMENTO DE 120 TERMINAIS LIXEIROS CON CITRIX”. (Expte.2019033240). (Devogarán 2022068000)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 11 de febreiro de 2009, adjudicouse o contrato relativo a “*Subministración de mantemento de 120 terminais lixeiros para traballo con CITRIX*” (Núm. Exp.- 2019033240).

Para responder da realización deste contrato, a empresa TÉCNICOS ASOCIADOS DE INFORMÁTICA, S.A.U. (CIF.- A-79054748), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adjudicación, por importe de 2.251,08€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201900199076, de data 07/11/2019.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que procede a devolución da mesma ao non comunicar o servizo correspondente ningún vicio ou defecto na realización do obxecto ao que fai referencia o contrato dos que puideran derivarse responsabilidade algunha por parte do contratista durante o seu prazo de vixencia.



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa TÉCNICOS ASOCIADOS DE INFORMÁTICA, S.A.U., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Subministración de mantemento de 120 terminais lixeiros para traballo con CITRIX*” (Núm. Expte.- 2019033240), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de BANKINTER, por importe de 2.251,08€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 07/11/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900199076.

54.32533.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA LÉREZ EDICIONES, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “CONTRATACIÓN DE LÉREZ EDICIONES, S.L. PARA A COBERTURA PUBLICITARIA DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2022” (Expte. 2021055627). (Devogarán2023000941)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 10 de xaneiro de 2022, adxudicouse o contrato relativo a “*Servizos publicitarios con Lérez Ediciones, S.L., para a anualidade 2022*” (Núm. Exp. 2021055627).

Para responder da realización deste contrato, a empresa LÉREZ EDICIONES, S.L. (CIF.- B-36003549), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 6.611,57€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100248384, de data 28/12/2021.



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que procede a devolución da mesma ao non comunicar o servizo correspondente ningún vicio ou defecto na realización do obxecto ao que fai referencia o contrato dos que puideran derivarse responsabilidade algunha por parte do contratista durante o seu prazo de vixencia.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa LÉREZ EDICIONES, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizos publicitarios con Lérez Ediciones, S.L., para a anualidade 2022*” (Expte. 2021055627), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 6.611,57€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 28/12/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100248384.

55.32534.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA RÍAS BAIXAS COMUNICACIÓN, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SERVIZOS PUBLICITARIOS CON RÍAS BAIXAS COMUNICACIÓN, S.A. PARA A ANUALIDADE 2022” (Expte. 2021055854) (Devogarán 2023001842)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 30 de decembro de 2021, adxudicouse o contrato relativo a “*Servizos publicitarios con Rías Baixas Comunicación, S.A., para a anualidade 2022*” (Exp. 2021055854).

Para responder da realización deste contrato, a empresa RÍAS BAIXAS COMUNICACIÓN, S.A. (CIF.- A-36643674), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 3.719,01€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100244855, de data 21/12/2021.



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que procede a devolución da mesma ao non comunicar o servizo correspondente ningún vicio ou defecto na realización do obxecto ao que fai referencia o contrato dos que puideran derivarse responsabilidade algunha por parte do contratista durante o seu prazo de vixencia.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa RÍAS BAIXAS COMUNICACIÓN, S.A., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizos publicitarios con Rías Baixas Comunicación, S.A., para a anualidade 2022*” (Expte. 2021055854), sen que existan obrigas pendentes.
Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 3.719,01€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 21/12/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100244855.

56.32535.- CAMBIO DE DIRECTOR DE OBRA NA EXECUCIÓN DO CONTRATO “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP-2601 MOS - PUXEIROS DENDE O P.Q. 0+020 ATA O P.Q. 0+600 (CONCELLO DE MOS)”.
(Expte.2022045199)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 09/12/2022 acordou nomear director da obra “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos - Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)*” á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Andrea Otero Otero.

Resultando.- Que mediante escrito de data 13/01/2022 o xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, solicita un cambio de nomeamento na dirección de obra “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos - Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)*”, por motivos de organización do departamento técnico, proponendo para exercer dita labor á enxeñeira do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona María del Mar González Estévez.



Considerando.- Que a cláusula 18 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe nesta contratación recolle o seguinte: “Con independencia da unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, o órgano de Contratación nomeará, no acordo de adxudicación do contrato, a unha directora ou director facultativo, a quen lle corresponderá, como responsable do contrato, supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, conforme o disposto nos artigos 237 a 246 da LCSP...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Deixar sen efecto o nomeamento de Dona Andrea Otero Otero coma directora da obra “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos - Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)*”.
2. Nomear directora da obra “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos - Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)*” á enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona María del Mar González Estévez.

57.32536.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

a) Vista a relación de facturas con número 2023002637, que contén 91 facturas e por un importe de 44.137,85€, e con CSV: 766U1LH961QM4261, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 13 de xaneiro de 2023, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	44.421,64€
Descontos do IRPF.....	283,79€
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	44.137,85€

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



b) Vista a relación de facturas con número 2023002645, que contén 28 facturas e por un importe de 66.424,01 € e con CSV: 9BEGIWYSHZ2DRB50, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 13 de xaneiro de 2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	66.053,20 €
Descontos do IRPF.....	360,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	730,81 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	66.424,01 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

58.32537.-

PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN, POLA RENUNCIA DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE A GUARDA, DO PROXECTO “COMMERCE INSIDE”, QUE CONTA CO FINANCIAMENTO DO 70% DO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO Y TURISMO A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE 2021 DAS LIÑAS DE AXUDAS PARA O FORTALECIMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS (ORDE ICT/951/2021, DE 10 DE SETEMBRO) NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU. (Expte.2021048064)

O 7 de febreiro de 2022 a Dirección Xeral de Política Comercial do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo notificou a proposta de resolución definitiva de concesión da axuda solicitada pola Deputación de Pontevedra para o proxecto “Commerce Inside”, dentro da Orde ICT/951/2021, de 10 de setembro, do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras das liñas de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas e se procede á súa convocatoria para o ano 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. En consecuencia, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 1 de abril de 2022, adoptou, entre outros, o acordo nº 38.31564) de aprobación del citado proxecto. Cuxo ámbito de actuación corresponde ao seguinte:

Ámbito de actuación do proxecto: os concellos de Baiona, A Guarda, Bueu, Tui, Soutomaior, Caldas de Reis, Nigrán, Sanxenxo, Cambados e O Grove.



O 12 de abril de 2022 a Dirección Xeneral de Política Comercial do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo notificou a resolución de concesión de axuda solicitada pola Deputación de Pontevedra para o proxecto “Commerce Inside”, cun orzamento financiable por un importe de 1.097.350,00 € e 768.145,00 euros de subvención, sendo a distribución das aportacións a seguinte:

Distribución de la aportación	Orzamento
Achega Ministerio	768.145,00
Achega Deputación de Pontevedra (15% orzamento financiable+IVE)	395.046,00
Achega Concellos (15% orzamento financiable)	164.602,50
TOTAL	1.327.793,50

Con data do 25 de novembro de 2022, a Deputación de Pontevedra, presenta solicitude de modificación da resolución de concesión para ampliar o prazo de execución das actuacións ata o 30 de setembro de 2023, no marco do, do Real decreto lei 11/2022, do 25 de xuño, polo que se adoptan e se prorrogan determinadas medidas para responder ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraia, para facer fronte a situacións de vulnerabilidade social e económica, e para a recuperación económica e social da illa da Palma, que a través da súa Disposición Adicional terceira, regula a ampliación de prazos de execución de proxectos das liñas de axuda a mercados da Secretaría de Estado de Comercio. Sendo autorizada por tal entidade o 26 de novembro do 2022. En consecuencia, tendo en conta o estado actual das licitacións realizadas no marco do proxecto procede solicitar ao órgano competente a ampliación do prazo do proxecto que se xustifica con base no artigo 20.2.a) da citada orde e a disposición adicional terceira do Real decreto lei 11/2022, do 25 de xuño.

O 30 de novembro de 2022, o Concello de A Guarda presenta escrito de renuncia a seguir participando do proxecto Commerce Inside, no rexistro da Deputación de Pontevedra. Sen ter chegado a executar ningunha das actuacións que tiña asignadas.

O artigo 21, puntos 1 e 2.a), da Orde ICT/951/2021, do 10 de setembro do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras da liña de axuda para fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 establecen que:

"1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. As circunstancias específicas que poden dar lugar á modificación da resolución de concesión son:

a) Causas sobrevidas que non puideron preverse no momento da solicitude, e que non fosen previsibles con anterioridade. "



Visto o informe da Xefa do servizo de Turismo Rías Baixas de data 16 de xaneiro de 2023, con CSV DI6O1KZ621XEVB NJ, no que conclúe que *“Teniendo en cuenta el estado actual de las licitaciones realizadas en el marco del proyecto procede solicitar, al órgano competente, la repartición de las actuaciones del ayuntamiento renunciante, en atención de lo anteriormente expuesto, para dar cumplimiento con las obligaciones asumidas”*.

En virtude do exposto, en base aos antecedentes e a normativa de pertinente aplicación a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Presentar, ante o Ministerio de Industria Comercio e Turismo, a solicitude de modificación da resolución de concesión como consecuencia da renuncia do Concello de A Guarda a participar do proxecto “Commerce Inside,” aprobado na convocatoria de 2021 de liñas de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas e se procede á súa convocatoria para o ano 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU (Orde ICT/951/2021, de 10 de setembro), de acordo co informe proposta, con Código Seguro de Verificación (CSV DI6O1KZ621XEVB NJ).

59.32538.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A CAÑIZA NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL DO CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE A CAÑIZA DO INVESTIMENTO “RECUPERACION DO ENTORNO DA ANTIGA PONTE DAS ACHAS NO CONCELLO DE A CAÑIZA”- (Expte.2023004323) anualidade 2023

Antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.



- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).
- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.
- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc (Liña 2).
- De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.
- No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.



- En data 10 de xuño de 2022 mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 13.31833 é aprobado o Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de A Cañiza para a execución do investimento “*Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no concello de A Cañiza*” (Exp: 2022008817), quedando configurada a súa financiación tal é como se indica na seguinte táboa:

ORGANISMO	ACHEGA €	ANUALIDADE
Deputación de Pontevedra	287.710,91	2022
Concello de A Cañiza	123.304,67	2022- 36.991,40 €
		2023- 86.313,27 €
TOTAL INVESTIMENTO	411.015,58	

- Neste contexto, en data 19 de xaneiro de 2023 o *Concello de A Cañiza*, con rexistro WEB2023002973, acolléndose ao establecido nas bases 1ª e 8ª.1.5 das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2022-2023, que permite ás entidades municipais destinar parte ou a totalidade da cantidade asignada na LÍNEA 1 ao financiamento das achegas municipais para investimentos acollidos noutros plans, programas ou convenios da propia Deputación ou doutras administracións cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal, solicita formalmente e en prazo, unha subvención por importe de 86.313,27 euros, con destino ao financiamento da achega municipal ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o *Concello de A Cañiza* para a execución da actuación denominada “*Recuperación do entorno da antiga ponte das achas no Concello de A Cañiza*”, cun orzamento total de 411.015,58 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento total- €	Subvención a cargo do Plan Concellos 2023	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2023	411.015,58	86.313,27	287.710,91 (Deputación de Pontevedra)	36.991,40
TOTAL	411.015,58	86.313,27	287.710,91	36.991,40

- Figuran no expediente as autorización sectoriais precisas para executar o investimento da Confederación Hidrográfica e Patrimonio Cultural tal é como indica o informe de supervisión do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provincias de data 22 de novembro de 2022.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.



DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *lege ferenda*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e visto o informe de supervisión do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provincias de data 12 de maio de 2022 e 22 de novembro de 2022, da xefa do servizo de Cooperación de data 19 de xaneiro de 2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A Cañiza*, CIF P3600900I a cantidade de 86.313,27 euros con destino ao financiamento da achega municipal ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o *Concello de A Cañiza* para a execución da actuación denominada “*Recuperación do entorno da antiga ponte das achas no Concello de A Cañiza*” (exp: 2023004323) cun orzamento que ascende a 411.015,58 euros, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento total- €	Subvención a cargo do Plan Concellos 2023	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2023	411.015,58	86.313,27	287.710,91 (Deputación de Pontevedra)	36.991,40
TOTAL	411.015,58	86.313,27	287.710,91	36.991,40



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 23/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención, xerárase crédito na aplicación orzamentaria correspondente e realizaranse as oportunas operacións de formalización.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto no Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de A Cañiza e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, de acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de A Cañiza*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación, Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e ao Gabinete da Presidencia.

60.32539.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

61.32540.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e trinta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

